CADERNOS RAMÓN PIÑEIRO, **II**

(Cadernos galegos de pensamento e cultura)

Ramón Piñeiro: cronobiografía e cartas

Luís Alonso Girgado
Teresa Monteagudo Cabaleiro

CADERNOS RAMÓN PIÑEIRO
(Cadernos galegos de pensamento e cultura)

Directores:
Luís Alonso Girgado
Ramón López Vázquez

Consello asesor:
Xesús Ferro Ruibal
Xosé Manuel García Iglesias
Anxo González Fernández
Ramón Mariño Paz
Anxo Tarrío Varela
Andrés Torres Queiruga

Edita:
XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

DIRECCIÓN XERAL DE POLÍTICA LINGÜÍSTICA

CENTRO RAMÓN PIÑEIRO PARA A
INVESTIGACIÓN EN HUMANIDADES

Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria:
CELSO CURRÁS FERNÁNDEZ

Director Xeral de Política Lingüística:
XESÚS P. GONZÁLEZ MOREIRAS

Coordinador científico
MANUEL GONZÁLEZ GONZÁLEZ

Ilustración da cuberta:
BALDO RAMOS ("Deshabitada espera", detalle)

Imprime:
Gráficas ATV

ISBN:
84-453-3677-0

Depósito Legal:
C-2458-2003

ÍNDICE

1. Cronobiografía. *9*

2. Cartas. *61*

2.1. Arredor das cartas de Ramón Piñeiro. 63
2.2. Cartas a Antón Avilés de Taramancos 71
2.3. Cartas a Carlos Casares 79
2.4. Cartas a Pilar Cayón Fernández 83
2.5. Cartas a Rafael Dieste 85
2.6. Cartas a Manuel María 91
2.7. Carta a Manuel Meilán 99
2.8. Cartas a Eduardo Moreiras 101
2.9. Cartas a Luís Pimentel 107
2.10. Cartas a Claudio Rodríguez Fer e
Carme Blanco 111
2.11. Cartas a Pilar Vázquez Cuesta 115
2.12. Cartas a Carlos Zubillaga Barrera 119
(Presentación de Carlos Zubillaga Barrera)

Ramón Piñeiro López (1915 - 1990)

1. Cronobiografía

Ramón Piñeiro López (1915-1990)

1915.- Ramón Piñeiro López nace o día 31 de maio na parroquia de Armea, no concello de Láncara (Lugo). Foron os seus pais Salvador Piñeiro García e Vicenta López Fernández. O matrimonio tivo oito fillos, aínda que tres deles non sobreviviron á primeira infancia. Sara, a irmá pequena de Ramón, viviu con él e a súa muller Isabel en Santiago durante moitos anos, e continúa a vivir na mesma casa da rúa Xelmírez. A familia paterna, os Piñeiro, eran coñecidos en Láncara como "Os de Baixo", a caste da "Casa de Baixo" e tiñan sona de tolos e intelixentes. O pai andivo sempre metido en negocios no pequeno comercio e foi home interesado pola cultura e pola formación dos seus fillos. A nai emigrara a Bos Aires, onde estivo dous anos, para facer algúns cartos e contribuír así á construcción da casa familiar, na que traballaba ó tempo que atendía os labores do campo.

A nenez de Ramón Piñeiro transcorre no seo dunha familia modesta que coñece as dificultades económicas. É un rapaz solitario que vive illado e amosa unha tendencia a fantasear e inventar xogos. De carácter tímido e retraído, empeza a escribir pola súa conta, como se fora un xogo, aínda que o seu pai –que lle ensinara a ler– non

era partidario de que aprendera a escribir antes de que entrara na escola, feito que acontece cando o neno tiña seis anos e xa lía ben e coñecía algo de ortografía e as elementais regras matemáticas.

1921-1923.- Ingresa na escola, aínda que xa sabía ler e escribir, pois xa lle tiñan ensinado seus pais. O feito de que don Salvador –seu pai– fose un bo calígrafo, e a curiosidade do neno, que, coa axuda da nai, empregaba os garabullos para escribir sobre a cinsa e a auga e trazaba as primeiras letras sobre a mesa da cociña, foron factores que coadxuvaron a esa prematura aprendizaxe. Durante a súa infancia en Armea realiza as tarefas que desenvolvían os rapaces campesiños daquela, axudando nos traballos da casa. Cando contaba só sete anos viaxa co seu pai a Lugo polas festas do San Froilán e descobre por primeira vez a luz eléctrica e o tren, que lle causan unha fonda impresión.

1924-1928.- En 1924, cando ten nove anos, marcha –coa súa irmá maior e a súa nai– a Lugo para facer o exame de ingreso e cursar o Bacharelato Elemental. Nesa etapa luguesa esperta o seu interese de lector. Le nestes anos os habituais tebeos e algunhas novelas de aventuras. Interesoulle moito a colección Los Poetas, na que mercou libros poéticos de Ossián, Dante e Petrarca. Foi na pequena escolma de poesía galega que publicara W. Fernández Florez, onde leu por primeira vez a Rosalía de Castro.

1928-1931.- De novo en Armea, traballa na casa familiar axudando ós pais. Afecciónase a ler a prensa. Sofre unha pequena crise espiritual. Le con avi-

dez algúns libros que o pai tiña na casa e outros que el mesmo mercara en Lugo. Queda impresionado coa lectura de Ortega e Valle-Inclán. Un mozo amigo seu fala co seu pai e aconséllalle que non desaproveite as calidades do rapaz para o estudio.

En 1931 marcha a Sarria, onde vive na casa familiar dun amigo de seu pai, Pedro Cortiñas, a quen lle leva as contas e lle xestiona a correspondencia da súa ferraxería. Esta familia estaba subscrita ó xornal madrileño *El Sol*, dos máis prestixiosos daquela, e Ramón subscribiuse a *El Pueblo Gallego* pola tendencia galeguista desta publicación, na que leu por primeira vez a Ramón Otero Pedrayo. Estas lecturas mantíñano informado dos feitos máis salientables da política.

O 14 de abril de 1931 proclamouse a II República. Ramón Piñeiro contaba tan só dezaseis anos e había pouco que chegara a Sarria. Durante a campaña das primeiras eleccións republicanas asiste a un mitin no que participaban Xulio Sigüenza, Ánxel Fole e Lois Peña Novo, este último é o que máis o impresiona co seu discurso de sentimento galeguista. Daquela adoitaba seguir con grande interese a intervención dos deputados galegos en Madrid.

No mes de xuño, na estación do tren, ve a Otero Pedrayo e Castelao, que daquela participaban na campaña das eleccións ás Cortes Constituíntes nas que os dous conseguiron escano de diputado.

A breve etapa en Sarria significará o primeiro achegamento ó galeguismo dun Ramón Piñeiro

aínda adolescente que vive con admiración e entusiasmo a actividade dos galeguistas: son tempos de aprendizaxe e formación.

> ...Meu pai levoume á escola cando cumprín os seis anos, porque esa era a edade legal de iniciar a escolarización. Pero cando me levou á escola, eu xa sabía ler con soltura e sabía escribir en letra de imprenta, e tamén sabía algo das catro reglas, non lembro exactamente canto porque despois de empezar a escola seguín practicando as contas na casa e sempre ía máis adiantado na casa que na escola. Como é natural, o mestre formou un grupo de nenos que ingresabamos na escola para nos iniciar na lectura e na escritura. Como eu ía máis adiantado, aburríame cos exercicios de ler e escribir porque os facía axiña e logo, sobrábame tempo. Os primeiros días estaba moi contraído en min mesmo e limitábame a observar timidamente os movimentos do escolante. Despois, cando me fun sentindo máis tranquilo, no tempo libre empecei a fantasear e, sen me decatar, moitas veces isolábame do ambiente e mergullábame nun mundo imaxinativo no que, en lugar das angueiras escolares, xurdían ideas, figuras e conversas interiores como cando estaba xogando só na miña casa, ou na horta, ou na eira. Con frecuencia me viña á mente a preocupación do tren, pois que me intrigaba moito o feito –para min completamente inconcebible– de que puidese correr de seu sen cabalos que puxasen del...[1]

1932.- A finais do ano, despois de pasar uns meses na aldea, deixa Sarria e volve a Lugo para cursar os

[1] Ramón Piñeiro, "Da miña acordanza", en *Grial*, tomo XXIX, nº 111, 1991, pp. 346-347.

seus estudios de Bacharelato Superior. En Lugo asiste ó mitin galeguista celebrado no Teatro Principal no que falan Valentín Paz Andrade, Ramón Suárez Picallo e Alfonso Rodríguez Castelao, quen o cativou co seu discurso. Daquela Ramón Piñeiro identificouse co galeguismo e sentiuse un galeguista máis, aínda que sen establecer un vínculo directo co grupo.

Funda, en compañía doutros amigos do Instituto, as Mocedades Galeguistas de Lugo, nas que traballa como secretario de cultura. Daquela coñece a Otero Pedrayo, a quen acompaña cando este é convidado polo grupo para dar unha conferencia no Instituto. Neses mesmos anos coñece tamén a Ánxel Fole, Pepe Gaioso e Luís Pimentel, personaxes da vida cultural luguesa que el sempre estimou como os seus verdadeiros mestres.

1933.- A súa participación no movemento galeguista intensifícase progresivamente; en outubro viaxa a Santiago como representante dos dirixentes galeguistas de Lugo con motivo da reunión celebrada para deseñar a estratexia do Partido nas eleccións que se celebrarán ese mesmo ano. Coñece persoalmente a Alexandre Bóveda e a Castelao, quen o propón como membro da comisión encargada de entrevistarse en Santiago co doutor lugués Alonso Hortas para convencelo de que encabece a candidatura galeguista como independente pola provincia de Lugo. Nesta visita a Santiago coñece a Luís Seoane, quen será grande amigo de Ramón Piñeiro. Visita as instalacións da Editorial Nós, na rúa do Vilar e alí coñece a Ánxel Casal e Camilo Díaz Baliño.

Debido a unha doenza debe abandonar os estudios e ocupa o seu tempo libre na política.

Con motivo das eleccións daquel ano, por Lugo pasaron numerosas personalidades coas que facía parladoiro no café Méndez Núñez pola noite ata ben entrada a madrugada. Daquela coñece en Lugo a Ramón Cabanillas, quen viaxara a esta cidade na busca de información sobre o cacique Pepe Benito para unha das súas obras literarias.

1934.- O día 25 de xullo, xunto co seu amigo Marino Dónega, asiste ó acto de ingreso de Castelao na Real Academia Galega, que se celebra pola mañá no salón de sesións do Pazo Municipal da Coruña. Nos xardíns de Méndez Núñez falan con Ánxel Casal e con Castelao, que lles amosa un exemplar da primeira edición da súa novela *Os dous de sempre*.

Pola tarde, xunto con outros integrantes do Partido Galeguista, viaxa a Santiago, onde ás doce da noite ten lugar o chamado Mitin das Arengas na Praza da Quintana. Falan significados galeguistas, entre eles Castelao e Ramón Piñeiro; este último, a proposta de Otero Pedrayo.

Le a *Teoría do nazonalismo* de Vicente Risco, que lle interesa polo que ten de defensa dos intereses de Galicia. Coñecerá persoalmente a Risco en 1935, no café Roma de Ourense, pero terá pouco trato con el. Tampouco lle satisfai plenamente a lectura de *El federalismo* de Pi i Mar-

gall; sen embargo, pensa que a fórmula dun federalismo que non cuestionase a unidade do Estado sería a axeitada para Galicia. Rexeita o particularismo e o soberanismo das teses nacionalistas como a de Risco.

1935.- Organiza o mitin do Partido Galeguista en Láncara, que se celebra a comezos do mes de xullo. As súas palabras de presentación dos oradores constitúen unha afirmación de fe galeguista.

O 25 de xullo participa novamente no Mitin das Arengas, en Santiago. Tamén fala no acto Castelao, daquela desterrado en Badaxoz.

> ...Para min non deixaba de ser misteriosa aquela fogaxe entusiasta expresada asisadamente polo meu amigo. [Ramón Piñeiro]. Un paradoxo. Xa que, como dixen, tratábase dun rapaz tímido –polo menos aparentemente–, propenso a gardar silencio, que só rompía cando era estrictamente necesario para sacar ós seus amigos da pochanca dialéctica na que se poideran meter, especialmente falando de Galicia e da súa interpretación no eido da cultura. Eran lectores da *Revista de Occidente*, de *Cruz y Raya*, de *Leviatán* e, desde logo *Nós*, sen esquecer cada dous por tres ó *Ronsel*, que botara en Lugo seis números no ano 1924. Lían tamén a revista francesa *Temps Modernes* e algunha alemana que agora non lembro. Naquela hora as tertulias aínda estaban vixentes e viñan sendo do máis pintoresco e divertido...

> ...O Lugo enteiro da nosa mocidade era un centro universitario de primeira orde. As festas, as feiras, as aldeas dos arredores, as excursións, eran clase que un recibía de folklore, de socioloxía, de economía, de flora, de fauna, de arte e mesmo de filoloxía. Se é que, naturalmente, o bo tempo axudaba. Senón, as aulas que nos acollían eran o Bar Nemesio, o Café Metropol, o Café Lugo, o Café Méndez Núñez... Pero o Círculo de las Artes era a aula magna na que se impartían e recibían leccións de varia índole, dictadas con inxenio, gracia e fermosura. Relatos coma o titulado por Fole «El moucho en la alameda», máis tarde incluído en *Cartafolio de Lugo*, cun protagonista, tamén lugués e poeta, dunha gracia e dunha elegancia pouco comúns. Aludo a Luís Pimentel, outro amigo inesquecible, aínda que menos pintoresco e anecdótico. Era algo máis vello ca nós e moi relacionado co propio Fole e con Ramón Piñeiro.[2]

1936-1938. Participa na III Asemblea das Mocedades Galeguistas que ten lugar en Ourense (2 e 3 de maio) como representante de Lugo e Láncara. Nese mesmo mes reúnese por última vez con Castelao, co que comenta a problemática situación política que se está a vivir.

No mes de xuño viaxa a Viveiro en calidade de secretario do Comité Provincial do Partido

[2] Marino Dónega, "Perfil humano" en *Homenaxe a Ramón Piñeiro*, A Coruña: Fundación Caixa Galicia, 1991, p. 33.

Galeguista. Acompáñao Alexandre Bóveda, quen sostiña a necesidade do Estatuto para que o galeguismo callase na opinión pública. Pola súa banda Ramón Piñeiro considera que non é o momento oportuno para o Estatuto pola falta de forza e pola pouca representatividade do Partido Galeguista. A súa actitude é pesimista.

O 18 de xullo unha parte do exército sublévase contra o goberno da República e comeza a Guerra Civil. En Lugo créase unha comisión permanente formada polos partidos políticos e de acordo co gobernador civil para seguir os acontecementos; os representantes do Partido Galeguista son Ramón Piñeiro e Ánxel Fole. Pasan os días e a situación complícase cada vez máis, son moitos os detidos e mesmo os asasinados (o 17 de agosto Alexandre Bóveda en Pontevedra; o 19 de agosto Ánxel Casal en Santiago...). Ramón Piñeiro é avisado de que se presentara unha denuncia contra el acusándoo de que estivera no goberno civil e que levaba armas. Decide abandonar Lugo e refuxiarse en Armea. Alí foi protexido por un falanxista local compañeiro de escola, como soubo moitos anos máis tarde.

O seu amigo Pepe Gayoso advírtelle da súa perigosa situación, non debe permanecer na súa aldea. A denuncia que presentaran finalmente fora retirada, pero sería máis prudente que se incorporase ó exército, xa que estaría máis seguro na fronte. Enrolado no bando dos sublevados, ingresa como soldado de infantería no cuarto batallón do Rexemento Zaragoza nº 30 e conta sempre coa protección de Antonio Rosón.

Na fronte supera con moita sorte algunhas situacións de grave risco. Reflexiona sobre a violenta irracionalidade dos feitos, sobre a barbarie desatada na guerra. A guerra sumiuno na depresión e no abatemento. Fondamente afectado polos acontecementos, decide estudiar Filosofía para entender as actitudes e conducta do ser humano.

1939.- Rematada a Guerra Civil, volve a Armea. Ese verán reúnese en Santiago con Marino Dónega e Xaime Illa Couto (moitos compañeiros do partido morreran, estaban no cárcere ou marcharan ó exilio como Castelao ou Luís Seoane). Na xuntanza houbo opinións encontradas. Xaime Illa Couto pensaba que se debía iniciar a reconstrucción de inmediato do Partido Galeguista, fronte a Ramón Piñeiro que prefería agardar a ver cómo se desenvolvían os feitos e se clarificaba a situación internacional (o poder das forzas antidemocráticas crecía en Alemaña e Italia). En setembro comeza a II Guerra Mundial en Europa e o imparable avance de Hitler afouta os vencedores da Guerra Civil española. Sería unha temeridade tentar reconstruír o Partido Galeguista na clandestinidade.

1940-1941.- Vive en Lugo pendente dos acontecementos da II Guerra Mundial polo que poden afectar ó réxime de Franco. Viaxa a Santiago e mais a Vigo e reencontra ós seus amigos do Partido Galeguista que pensan nas posibilidades de reconstrucción do galeguismo. Fala con Marino Dónega e Illa Couto e rexeita a proposta de Ramón de Valenzuela de reconstruír o Partido Galeguista tendo unicamente en conta ó bando republicano.

Piñeiro contacta con Fernández del Riego e Gómez Román –secretario xeral do Partido Galeguista– e comeza a rolda de conversas cos galeguistas: Plácido Castro, Ánxel Fole, Mariñas del Valle, Carballo Calero, etc.

En agosto de 1940 matricúlase, en réxime oficial, como alumno de Filosofía e Letras da Universidade de Santiago. Cursará os dous primeiros anos da carreira. A finais de 1941 solicita o traslado de expediente á Universidade de Madrid para continuar os estudios de especialidade en Filosofía pura. En 1942 estará xa en Madrid cursando eses estudios.

1942.- Ramón Piñeiro trasládase a Madrid para cursar a especialidade de Filosofía pura, pois estudiara na Universidade de Santiago os dous primeiros anos de Filosofía e Letras.

Na capital intégrase no grupo galeguista que alí funcionaba (Álvaro Gil, Fermín Penzol, Xosé Ramón Fernández-Oxea e Evaristo Mosquera entre outros), pero tamén mantiña relación con nacionalistas cataláns e vascos e mesmo compartía o cuarto da súa pensión na rúa Longoria, 10, con Koldo Mitxelena. Daquela o Partido Galeguista, o Partido Nacionalista Vasco e os nacionalistas cataláns integraban, xunto con outras organizacións clandestinas (PSOE, UGT, CNT, Federación Agraria, etc), a Alianza Nacional de Forzas Democráticas, que tiña como obxectivo o restablecemento da República, a posta en vigor dos tres Estatutos de Autonomía, o nomeamento dun goberno de coalición que convocase eleccións constituíntes e a estructuración federal do Estado.

1943-1944. Os norteamericanos liberan Italia; pola súa banda, os rusos interrompen o avance de Hitler na Unión Soviética.

Os partidos políticos clandestinos restablecen as súas actividades, posto que observaban a nova situación e esperaban que Hitler e Mussolini foran derrotados e que se restauraría a democracia mesmo en España.

Ramón Piñeiro reúnese en Vigo con Ramón de Valenzuela, quen comezara a reconstrucción do Partido Galeguista na órbita da Unión Nacional que controlaban os comunistas, pois era da opinión de que a Unión Soviética sairía moi reforzada da guerra pola súa contribución decisiva na derrota do nazismo e fascismo. A opinión de Ramón Piñeiro era máis prudente. Dunha banda, a reconstrucción do Partido Galeguista correspondíalle ó seu secretario xeral, Manuel Gómez Román, (quen xa o puxera en marcha xunto con outros correlixionarios como Francisco Fernández del Riego) e doutra, aínda que a contribución dos soviéticos na derrota de Hitler fora moi importante, tamén o fora a dos americanos, logo non parecía probable que estes deixasen tanto protagonismo a Stalin na Europa que saíse do conflicto.

Reúnese posteriormente con Xaime Illa Couto, Servando Gómez-Aller de la Vallina, Francisco Fernández del Riego e Manuel Gómez Román, ós que informa da súa relación con Ramón Valenzuela e dos propósitos deste. Acordaron que Ramón Piñeiro reiniciase os contactos cos galeguistas máis significados para coñecer a situación e os membros

que estaban dispostos a reiniciar o compromiso co Partido Galeguista. Deciden crear un Comité Executivo constituído polo mesmo Ramón Piñeiro, Ramón Otero Pedrayo, Manuel Gómez Román, Plácido Castro e Francisco Fernández del Riego.

Ramón Piñeiro frecuenta, en Madrid, o faladoiro galeguista do café La Granja del Henar, xunto con Ben-Cho-Shei, Evaristo Mosquera, Álvaro Gil e Fermín Penzol. Será Fermín Penzol o seu colaborador nos comezos da actividade política na clandestinidade que en 1943 emprende Ramón Piñeiro e nas reunións con políticos cataláns e vascos da oposición. Ramón Piñeiro, anos despois, aconsellaría establecer en Vigo a Fundación Fermín Penzol (coa súa valiosísima biblioteca) que sería, ademais, accionista maioritaria de Galaxia.

Vive o esmorecido ambiente intelectual da universidade madrileña. Dos seus profesores lembrará unicamente a García Morente; das lecturas, a *Introducción a la Filosofía* de A. Müller.

Interesado pola política galeguista desenvolvida en Bos Aires na clandestinidade e a través dos vascos conecta con Castelao, que envía cartas a Paz Andrade e Otero Pedrayo. Contacta coa Alianza Nacional de Forzas Democráticas e reforza a presencia dos galeguistas na oposición democrática contra o franquismo. Intensifica as relacións cos grupos vasco e catalán do interior e do exilio, segundo o acordo tomado na asemblea galeguista de 1943, celebrada en Coruxo na casa de Fernández del Riego.

A proposta inglesa de restaurar en España a democracia baixo a fórmula monárquica, a necesidade de que Castelao deixara o exilio e se incorporara á política galeguista no escenario europeo e a carencia dunha representación galega no goberno republicano no exilio presidido en París por José Giral (ausencia que os galeguistas pensaban subsanar propoñendo a Castelao como ministro daquel goberno) determinarán a viaxe de Ramón Piñeiro a París.

1945.- A derrota do nazismo e do fascismo en Europa aumenta as esperanzas de que se repoña a democracia en España. O goberno americano tamén era partidario da restauración da República. O Departamento de Estado encárgalle a José Antonio Aguirre poñer de acordo os distintos sectores republicanos enfrontados entre si. O 17 de agosto de 1945 tivo lugar unha reunión nas Cortes de México dos deputados españois do exilio. Nomeouse presidente da República a Diego Martínez Barrio, que lle encargou a José Giral que formase goberno. Pola súa banda, o Ministerio Británico de Asuntos Exteriores pensaba que se debía respectar o resultado da Guerra Civil española, xa que o apoio ós vencidos significaría o alongamento do conflicto. A proposta que fixeron á Alianza Nacional de Forzas Democráticas consistía na restauración da monarquía parlamentaria, proclamando rei a don Juan de Borbón e excluíndo o xeneral Franco da vida pública española.

Ramón Piñeiro sostivo que non debían negociar cos británicos sen comunicarllo antes ás for-

zas republicanas exiliadas, pois eles eran os máis lexítimos defensores da política democrática. Convocouse entón unha reunión en París, sede do novo goberno de Giral, do que formaban parte un ministro catalán (de Acción Republicana de Cataluña, Nicolau d'Olwer) e un vasco (do Partido Nacionalista Vasco, Manuel de Irujo); os galeguistas tamén solicitarían o nomeamento dun representante seu nese goberno e propuxeron a Castelao.

1946-1948. No mes de marzo de 1946 viaxa a Francia clandestinamente co obxectivo de convencer a Giral para que incluíse un ministro galego –Castelao– no seu goberno e para coñecer os seus proxectos e medios dos que dispuñan para restaurar a democracia en España. A proposta de Castelao para ministro presentaba dous inconvenientes; dunha banda, a inimizade persoal entre el e o presidente Giral, e doutra, que este último xa contaba con outro candidato para o posto, Manuel Portela Valladares, a quen apoiaban os comunistas do exilio e o vasco José Antonio de Aguirre, quen o consideraba unha figura máis axeitada para reforzar o difícil papel do goberno no exilio ante as chancelerías do estranxeiro. Giral declinou a posibilidade inmediata de ampliar o seu goberno e expuxo que os seus proxectos eran restaurar a República mediante folgas, trasladar o goberno de París a Madrid, convocar un referendo para que o pobo decidira entre a monarquía ou a república, elaborar un censo e celebrar eleccións. Sen embargo, admitiu non ter conseguido o apoio diplomático de ningún país, só a simpatía de Francia.

Profundamente desolado, Ramón Piñeiro volve a España aló polos primeiros días de abril, coa idea de elaborar a alternativa democrática dende España, pois no exterior semellaba máis que problemática. O 9 de abril de 1946 asiste ó faladoiro do café La Granja del Henar, onde se atopa con Fermín Penzol, Álvaro Gil, Evaristo Mosquera e outros compañeiros do Partido Galeguista. Nesta reunión comunícalles que ía ó Café Pidoux, onde pensaba ver uns amigos. Tentaron disuadilo, pois era perigoso ir a aquel lugar de reunión habitual de elementos da oposición clandestina, pero el acudiu a reunirse naquel café da Gran Vía madrileña con outros membros da Alianza Nacional de Forzas Democráticas para deseñar a estratexia política a seguir trala viaxe a París e a súa entrevista con Giral. A policía, que seguía a un membro da CNT dende Barcelona, entra no café e detén a varios dos reunidos, aínda que algúns deles puideron fuxir. Na redada foran detidos tamén os irmáns Cesáreo e Camilo Saco, galeguistas de Monforte de Lemos, e o nacionalista vasco Koldo Mitxelena.

Desde o mesmo día da detención estiveron internados nos calabozos da Dirección Xeral de Seguridade na Porta do Sol. Ramón Piñeiro permanece alí vinteseis días. O 5 de maio ingresa na Prisión Central de Alcalá de Henares e posteriormente é condenado por un consello de guerra a seis anos de prisión que cumpriu en parte nos cárceres de Alcalá de Henares, Yeserías e Ocaña.

Xa no cárcere, a muller de Xosé Ramón Fernández-Oxea, Isabel Algara, que era funcionaria do Ministerio de Xustiza, era o seu contacto co

exterior, finxindo entre eles un parentesco inexistente. Nas cartas que lle escribía a Isabel –en realidade relación epistolar cos galeguistas do exterior como Otero Pedrayo– explicáballe o sucedido para informar os amigos e reforzar a declaración que fixera ante a policía, pois estas ían ser lidas pola censura. A súa estancia na cadea dedicouna ás numerosas lecturas fornecidas polo seu amigo Fermín Penzol e a realizar traballos de tipo cultural; por exemplo, dáballes clase ós demais presos.

Cae o goberno republicano no exilio que presidía Giral substituído polo gabinete de Rodolfo Llopis, que de acordo co goberno inglés tenta restaurar en España a democracia baixo a fórmula dunha monarquía parlamentaria. Castelao rexeita a iniciativa e queda fóra do goberno de Llopis. O Partido Galeguista na clandestinidade envía a Castelao un informe no que se indica o perigo de quedar fóra do xogo político, informe redactado por Fermín Penzol, pero atribuído a Ramón Piñeiro. Castelao non acepta o informe e, en 1947, envía a Rodolfo Prada para que visite a Piñeiro no cárcere. Pero as discrepancias entre o galeguismo do interior (do que Piñeiro é destacado dirixente) e do exterior na emigración (que Castelao encabeza) non se solucionan e aínda se agravarán despois da morte de Castelao en xaneiro de 1950.

1949.- No mes de marzo sae do cárcere cunha importantísima perda de visión, pero incorpórase á actividade galeguista na clandestinidade. O panorama é desolador. O goberno de Giral, do que Castelao chegou a ser ministro, caera en decembro do ano 1946 debido ós enfrontamentos internos, de xeito

que a loita política pola restauración da democracia fracasara. Mentres, a situación de Franco se estabiliza: no ámbito internacional o goberno francés abre de novo a fronteira en 1948 e firma un acordo comercial con Madrid; algúns bancos dos Estados Unidos concédenlle cretos ó goberno español. No ámbito nacional, a entrevista entre Franco e don Juan de Borbón no verán de 1948 contribúe a dificultar o plan británico para restaurar a monarquía parlamentaria e con ela a democracia.

Instálase coa súa muller, Isabel López García, en Santiago de Compostela, no cuarto piso do número 15 da rúa Xelmírez, onde vivirá ata o seu pasamento en 1990.

Co pseudónimo *Luis Veiga do Campo*, publica no "Suplemento del sábado" de *La Noche*, de Santiago de Compostela, o artigo "A poesía de Luís Pimentel" (12-XI-1949). Co mesmo pseudónimo colabora no semanario portugués *Seara Nova*, onde en 1952 aparece o seu artigo "Perspectiva galega do problema peninsular".

> Galaxia foi... Froito da experiencia e reflexión do núcleo galeguista que actuou clandestinamente durante os anos 40 para facer presente dentro da oposición democrática ó réxime a reivindicación dos dereitos de Galicia. En chegando o ano 50 –explícanos Ramón, protagonista principal daquela actividade que o levou á cadea, xunto cos irmáns Saco López, onde estiveron máis de tres anos, de 1946 a 1949–, xa se botaba de ver que os esforzos realizados desde a clandestinidade non podían modificar o curso da situación vixente, mentres

o paso dos anos ía profundizando a desgaleguización das novas xeracións. Situación certamente avesía que reclamaba do galeguismo un desdobramento de actividades: por unha banda, proseguir a súa presencia reivindicativa dentro da oposición clandestina, por outra banda iniciar unha presencia pública para espertar a conciencia galega nas novas xeracións, desgaleguizadas pola presión ideolóxica estatal.

Para levar a cabo esta segunda actividade –achegarse ás novas xeracións e espertar nelas a conciencia galega–, non había outro camiño que o cultural. Certamente que era moi estreito, moi limitado nas súas posibilidades inmediatas; pero, naquela altura, non había outro. Era necesario emprender a longa andaina cara a un horizonte firme no ideal, pero indefinido na súa perspectiva temporal. A carón da batalla sotarega da oposición clandestina era preciso emprender a batalla pública da actividade cultural. E así se decidiu.

Instrumento e cobertura para esta batalla político-cultural foi a Editorial Galaxia, asociando nela a tódolos militantes e simpatizantes galeguistas, e figurando entre os seus dirixentes, elixidos na asemblea do Hotel Compostela, o arquitecto don Manuel Gómez Román, secretario xeral do Partido Galeguista, e Francisco Fernández del Riego, que o fora do primeiro Consello da Federación de Mocedades Galeguistas...[3]

[3] Xaime Isla Couto, "Ramón e Galaxia", en *Homenaxe a Ramón Piñeiro*, A Coruña: Fundación Caixa Galicia, 1991, p. 53.

1950.- O 25 de xullo nace a Editorial Galaxia nun xantar-asemblea que xuntou a moitos galeguistas nos baixos do hotel Compostela en Santiago. Ramón Piñeiro non puido asistir ó acto por atoparse en Santander para operarse de cataratas no hospital de Valdecilla. Cobra forma o proxecto de fundar unha editorial, apoiado por Xaime Illa Couto, Fernández del Riego, Manuel Gómez Román e outros, entre eles Ramón Piñeiro, aínda que este nun primeiro momento se amosara reticente coa viabilidade do proxecto e os atrancos de tipo administrativo que prevía ían xurdir. O obxectivo era darlle cobertura legal ó galeguismo e, deste xeito, aqueles militantes que rexeitaban temerosos as actividades ilegais terían unha plataforma legal dende a que loitar pola cultura e moi especialmente pola lingua do país. Iníciase a publicación de libros básicos que acheguen á sociedade galega a súa propia realidade cultural. Edítase a *Histoira da literatura galega* de Francisco del Riego, a *Historia de Galicia* de Risco e posteriormente a *Gramática del gallego común* de Ricardo Carballo Calero. Pero a recuperación da realidade cultural debía ir acompañada do estudio doutros aspectos, fundamentalmente a economía, polo que se comeza a publicar a *Revista de Economía de Galicia*, dirixida por Xaime Illa Couto, e mesmo se crea unha colección para novas publicacións sobre o tema.

Os fundadores de Galaxia tiñan vontade integradora, o seu proxecto debía incorporar as figuras consagradas do galeguismo antes da Guerra Civil (Ramón Otero Pedrayo, Vicente Risco,

Florentino López Cuevillas, Castelao, Cabanillas, etc.) e aqueles intelectuais de Galicia que aínda estaban fóra dos círculos galeguistas (Domingo García-Sabell, Celestino Fernández de la Vega, Juan Rof Carballo, Luís Pimentel, etc.), pero tamén garantir o futuro incorporando as novas xeracións, para o que se crea unha nova colección –titulada Illa Nova– que se converterá no vehículo editorial dos mozos nacidos despois da guerra e ata daquela desvinculados da tradición histórica do galeguismo.

Calla tamén a idea de publicar unha revista e nace así a *Colección Grial*, que padece múltiples atrancos administrativos naquela etapa do franquismo. Isto explica que se publicara, inicialmente, en forma de cadernos numerados de carácter monográfico, que se editaban como obras colectivas para que non os considerasen como números dunha mesma publicación periódica.

Comeza Ramón Piñeiro a súa xeira de viaxes a Barcelona. Entre este ano e 1975 fixo arredor de vinte viaxes á capital catalana para establecer e reforzar contactos políticos e desenvolver actividades culturais. Mantivo fonda amizade con políticos cataláns, sobre todo con Miquel Coll i Alentorn, que logo sería presidente do Parlament catalán. No Centro Galego de Barcelona, presidido por Manuel Casado Nieto, deu varias conferencias e tivo entrevistas con significados catalanistas. Nesta tarefa de coñecemento e achegamento galego-catalán contou coa colaboración de Fermín Penzol, Xaime Illa Couto e Fernández del Riego.

A partir deste ano 1950 a orientación que manifestou o galeguismo foi fortemente criticada polos galeguistas do exterior. O Consello de Galicia de Bos Aires criticaba os galeguistas do interior e sostiña que a única fórmula política aceptable para o futuro era a República, como sempre defendera Castelao fronte ós galeguistas que quedaran en Galicia. Pola contra, estes, xunto cos nacionalistas vascos e cataláns, os socialistas e os cenetistas, vían cada vez máis difícil a restauración da República e pensaban que o importante era a recuperación da democracia e non a forma de goberno do futuro réxime. Ademais, os galeguistas do interior non aceptaban a posibilidade de que o Consello de Galicia se transformase no verdadeiro ou superior goberno do galeguismo, e estimaban que a dirección debería ser exercida dende a mesma Galicia. Entre ámbalas dúas partes sempre se mantiveron as boas relacións, aínda que cada unha tivese un posicionamento firme e distinto sobre cál debía ser o camiño a seguir para desenvolver o seu traballo a prol do galeguismo.

1951.- Aparece no mes de abril o primeiro caderno da *Colección Grial* –co título de "Presencia de Galicia"– no que Ramón Piñeiro publica o seu artigo "Significado metafísico da saudade", que causa fonda impresión no ámbito cultural galeguista. En xullo dese mesmo ano este artigo foi reproducido na *Revista Filosófica*, editada en Coimbra polo profesor Joaquím de Carvalho. Volverá sobre a saudade –clave da identidade do sentir galego– en sucesivos traballos e reunirá todos –cinco en

total– no libro *Filosofía da saudade* (Galaxia, 1984). Anos máis tarde, en 1988, redactará a voz "saudade" para a *Gran Enciclopedia Gallega.*

O 6 de xuño Juan Aparicio, director do xornal *Pueblo*, escribe unha carta aberta ó ministro Raimundo Fernández Cuesta onde mostra a súa irritación pola había pouco iniciada *Colección Grial* e outras manifestacións públicas das culturas non oficiais. O artigo, extremadamente violento, chega a ameazar a Ramón Piñeiro. Pouco despois Aparicio foi nomeado Director Xeral de Prensa e dende este cargo suspende a colección e pon múltiples impedimentos para publicar a tradución galega do pequeno texto de M. Heidegger que preparaban Celestino Fernández de la Vega e Ramón Piñeiro e que non podería ver a luz ata tempo despois.

Ese mesmo ano recibe o premio de traducción da Editorial Bibliófilos Gallegos de Santiago de Compostela pola traducción ó galego –en colaboración con Celestino Fernández de la Vega– do *Cancioeiro da Poesía Céltiga (Alt-keltische Dichtungen)* de Julius Pokorny. A obra aparece publicada en 1952 pola editorial que convocara o premio.

Ramón Piñeiro realizaba o labor de relacionar un elevado número de galeguistas de toda Galicia para informarlles das actividades e logros acadados e crear deste xeito unha conciencia de grupo integrado nun proxecto común. A finais dos anos 50 existe un núcleo galeguista artellado ó redor de Ramón Piñeiro e o proxecto político-cultural de Galaxia. Pensando no futuro, os respon-

sables de Galaxia tiñan un interese especial en incorporar os mozos universitarios á vida cultural galega. A ese labor dedicou Ramón Piñeiro moito tempo, entusiasmo e paciencia, recibindo durante anos na súa propia casa da rúa Xelmírez de Santiago, convertida nunha especie de seminario permanente, a centos de estudiantes da Universidade compostelá que eran captados por Ramón Piñeiro para que elixisen libremente o seu camiño dentro do galeguismo segundo as súas inquietudes. O que el pretendía era que aqueles rapaces adquirisen conciencia galega e que despois cada un deles, en función das súas actitudes, a súa vocación e a súa vontade, decidisen o grao de compromiso que estaban dispostos a adquirir co país. Ese labor de galeguización da mocidade universitaria e a dirección de Galaxia foron as tarefas prioritarias de Ramón Piñeiro nos anos cincuenta e sesenta.

1952.- Publica o artigo "A saudade en Rosalía", integrado no volume colectivo *7 ensaios sobre Rosalía* que Galaxia dedicou ó estudio da poeta e onde tamén colaboran Carballo Calero, Rof Carballo, García-Sabell, Carlos Maside, Celestino Fernández de la Vega e Jacinto de Prado Coelho.

1953.- Aparece o seu traballo "Para unha filosofía da saudade" incluído no libro colectivo *La Saudade* que publica a editorial Galaxia e no que se recollen diferentes estudios sobre o tema.

> ...No cadro así delimitado inscríbese de modo natural a concepción piñeirana da saudade. Esta representa, por un lado, a

vivencia "única e indiferenciada" que precisa o novo clima non-lóxico, e, por outro, ofrece a ancoraxe antropolóxica que esa filosofía precisa, pero que segundo Piñeiro non posúe senón que só anticipa metafisicamente. Sobre todo o primeiro punto resulta decisivo para a caracterización concreta da saudade.

A saudade é ante todo sentimento, co cal queda acoutada como ámbito específico dirixido ó mundo interior do home, fronte ó entendemento e á vontade, que remiten ó mundo exterior. De paso, serve tamén para reforzar a intención identificadora: fronte ós gregos, centrados no entendemento e ós alemáns, na vontade, a cultura galaico-portuguesa vive na terceira facultade, no sentimento.

Pero, como o mostra o seu carácter "inefable" e "misterioso", trátase dun sentimento sen referencia concreta, dun puro sentir. Co cal distínguese de tódolos demais sentimentos sempre caracterizados polo obxecto ó que remiten e polo mesmo non aptos para a radical ancoraxe metafísica: velaí asegurada a nosa participación á cultura universal, pois só a tradición galaico-portuguesa cultivou de modo intenso ese puro sentir. Ó mesmo tempo queda prefigurada a concepción da saudade, pois a carencia de obxecto concreto permite delimitar a súa esencia.

> En efecto, a saudade, posto que non sente nada externo ó home, está indicando que o que sente é o home mesmo: a nosa singularidade, a nosa soidade ontolóxica...
>
> Con esto Piñeiro tiña asegurado o fundamental. Pero quedaba aínda unha nota definitoria: a referencia ó Ser. Xusto porque é soidade, a saudade éo de algo; a saber, da plenitude da que participa pero que non é, da que se sente isolada e que polo mesmo apetece: do Ser. De aí a oscilación de Piñeiro entre falar de "soidade" ou –creo con moito maior acerto– de "singularidade", e do seu perenne e xusto esforzo por conxuntar ambas denominacións...[4]

1954.-Frecuenta o faladoiro galeguista dos baixos do Hotel Compostela, en Santiago. Fálase de libros, exposicións, concertos e outros temas. Xosé Mª Beiras, Ramón Lugrís, Franco Grande, Carlos A. Baliñas, García-Sabell, Méndez Ferrín e Ramón Lorenzo asisten ás xuntanzas, polas que de cando en vez pasaban Otero Pedrayo, Borobó ou Aquilino Iglesia Alvariño:

> ...Pero quen non faltaba nunca e, sin facerse notar, levaba a "dirección espiritual" era Piñeiro...[5]

---

[4] Andrés Torres Queiruga, "Ramón Piñeiro: A saudade elevada a rango metafísico", en *Homenaxe a Ramón Piñeiro*, A Coruña: Fundación Caixa Galicia, 1991, p. 115.

[5] Carlos A. Baliñas, "O recanto da Filosofía", en *Ramón Piñeiro y su circunstancia*, Madrid: GRUGALMA, 1993, p. 6.

1955.- Envía a comunicación "A Filosofía e o Home" ó I Congreso Nacional de Filosofía celebrado en Braga. Este texto será publicado posteriormente nas actas do congreso e no seu libro *Filosofía da saudade*.

O faladoiro do Hotel Compostela pasa ó Café Español, na rúa do Vilar, e agora a figura central é Otero Pedrayo, que engaiola a todos co seu poderío verbal e a súa prodixiosa memoria. Asisten Ramón Piñeiro, Franco Grande, Bouza Brey, Río Barja, Gonzalo R. Mourullo, Álvaro Cunqueiro, Fernández del Riego, Carballo Calero, Daniel Cortezón, Méndez Ferrín, Parga Pondal, Ferro Couselo, Carlos Maside e outros, con máis ou menos frecuencia. Otero falaba moito de Risco e de Castelao.

Ramón Piñeiro promove activamente o galeguismo, a conciencia galega entre os máis mozos. Pon á súa disposición a súa biblioteca particular, apoia os artigos que sobre política internacional escribe Ramón Lugrís en *La Noche*, abre no faladoiro o debate de temas político-culturais de actualidade, orienta os escritos editoriais da *Revista de Economía de Galicia* e prolonga as conversas no seu piso, no nº 15 da rúa Xelmírez, cos mozos que asistían ós faladoiros, etc.

1956.- Redacta o relatorio titulado "A defensa do idioma, vencello espiritual de tódolos galegos", presentado no Primeiro Congreso da Emigración Galega celebrado en Bos Aires para conmemorar o centenario do Banquete de Conxo. O traballo figura avalado coas sinaturas de Ramón Cabanillas, Ramón Otero Pedrayo, J. Rof Carballo, Domingo

García Sabell, Ricardo Carballo Calero, Celestino Fernández de la Vega, Francisco del Riego e Xaime Illa Couto.

Ramón Piñeiro concibira a idea da elaboración dun "Gran Diccionario da Lingua Galega", para o que sería necesario un labor documental previo, destinado a recoller tanto o léxico histórico e literario como a fala viva. O órgano encargado de realizar esta tarefa sería un Padroado da Lingua Galega, que se ocuparía de artellar a adecuación dos medios técnicos. O Padroado estaría integrado por elementos representativos da emigración e mais de Galicia. Os galeguistas do interior estableceron comunicación cos da emigración, pero o proxecto non obtivo éxito.

Escribe o limiar do libro de Daniel Cortezón, *As covas do rei Cintolo*, publicado en Vigo pola editorial Galaxia.

Xunto con Celestino Fernández de la Vega é o responsable da traducción, introducción e notas do ensaio do filósofo alemán Martin Heidegger, *Von Wessen der Wahrheit*, en galego *Da esencia da verdade*, editado tamén por Galaxia.

1957.- Na asemblea celebrada en Santiago e que presidían Otero Pedrayo, Cabanillas e Gómez Román, con asistencia de representantes do galeguismo na emigración, presenta a ponencia "Nova orientación do galeguismo", onde recoñece o fracaso das actividades políticas democráticas na clandestinidade e sinala que é no terreo cultural onde se está a producir a loita política do galeguismo co franquismo, rexeitando a posición do galeguismo

na emigración, ancorado na defensa da República e do Estatuto.

1958.- A editorial Galaxia publica o volume I do *Diccionario Enciclopédico Castellano-Gallego* de Eladio Rodríguez González, que constará de tres tomos, producto dun esforzo laborioso e empeño case teimudo de Ramón Piñeiro por rescatar esta obra inédita do que fora distiguido poeta e presidente da Real Academia Galega. No 1960 aparecerá o II tomo e, posteriormente, o III no 1961. O mesmo Ramón Piñeiro preparou o Apéndice deste Diccionario.

No nº 10 (Ferrol, 1958) de *Aturuxo*, "Revista de poesía y crítica", monográfico dedicado a Luís Pimentel, publica o artigo "Galicia e Rosalía na poesía de Luís Pimentel". No mesmo número, con textos dedicados ó poeta lugués, colaboran Carballo Calero, Manuel María, Aquilino Iglesia Alvariño, Cunqueiro, Luz Pozo, Ánxel Johán, Mario Couceiro, Eduardo Moreiras e outros nomes salientables.

Seguramente foi Pimentel o escritor sobre o que escribiu con máis frecuencia. Artigos da súa autoría arredor do escolleito lírico lugués apareceron en diferentes medios de prensa como *La Noche* (Santiago), *Gaveta* (A Coruña), *Galicia* (Bos Aires), *Galicia Emigrante* (Bos Aires), *Nordés* (A Coruña), etc. En 1990, cando se lle dedica a Pimentel o Día das Letras, colabora con novas achegas nas publicacións da Real Academia Galega e de Edicións Xerais sobre o poeta.

1959.- Escribe o limiar ó libro *50 dibuxos de Maside,* publicado por Galaxia.

1961.- Prologa o libro de Xosé Luís Méndez Ferrín, *O crepúsculo e as formigas*, que publica a editorial Galaxia.

1962.- Na súa tarefa de conciliar os galeguistas de Galicia cos da emigración (cos que discrepara no tipo de actuación ou de praxe política a partir do remate da guerra civil), envía un informe ós galeguistas de Bos Aires –partidarios de manter alá o Consello da Cultura promovido por Castelao– no que solicita a súa colaboración e axuda para desenvolver a estratexia galeguista no interior. A colaboración non chegou e as discrepancias continuaron.

1963.- O 5 de maio inaugúrase oficialmente a Biblioteca Penzol. Ramón Piñeiro aconselláralle ó seu amigo Fermín Penzol o emprazamento en Vigo da Fundación, pois nesta cidade non había ningunha biblioteca galega importante.

Chegado Manuel Fraga ó Ministerio de Información e Turismo, autorízanse algunhas publicacións caracterizadas polo seu posicionamento crítico fronte ó réxime: reaparece *Revista de Occidente*, comeza a súa xeira *Cuadernos para el Diálogo*, fundada e dirixida polo exministro Joaquín Ruiz Jiménez e, no ámbito galego, Galaxia acada a autorización para a edición dunha revista –*Grial*– de periodicidade trimestral. No mes de setembro imprímese esta revista. Os seus directores pretendían reafirmar a apertura cultural a Europa; dunha banda, coa evocación do camiño

francés –Galaxia– e doutra –*Grial*– coa referencia á lenda artúrica. *Grial* aparece co subtítulo «Revista galega de cultura». Aínda que fora designado como director un xornalista, a verdadeira dirección exercíana Ramón Piñeiro e Francisco Fernández del Riego, que só cesaron na súa tarefa cando se celebrou o vixésimo quinto aniversario da súa aparición, con cen números editados. A revista supuxo, en palabras do propio Piñeiro:

> ...De seguido se converteu nunha revista de prestixio, dentro e fóra do país, na que colaboraron xentes de todas as ideoloxías do galeguismo e que levou a cabo un labor tanto de estudio da realidade galega, como de información da cultura exterior, seguindo a filosofía aperturista da que xa temos falado...[6]

Ó longo deses vintecinco anos de codirección de *Grial* escribiu para a revista un total de corenta e tres colaboracións, ben de carácter ensaístico, ben de tipo crítico ou epistolar. Comentou libros de García-Bodaño, Neira Vilas, Méndez Ferrín, Basilio Losada, Cunqueiro, Carballo Calero, Fole, Vicente Risco, etc. No número 100 (1988) publicou o artigo "25 anos de Grial". A súa derradeira colaboración apareceu no número 103 (1989) –monográfico dedicado a Martin Heidegger– co título "Heidegger na cultura galega".

---

[6] Ramón Piñeiro, *Da miña acordanza* (Memorias), Vigo: Galaxia / Fundación Caixa Galicia, 2002, p. 118.

Prologa o libro de Ramón Lugrís, *Vicente Risco na cultura galega*, publicado por Galaxia.

O día 7 de xullo, os académicos Otero Pedrayo, Carballo Calero e Xulio Rodríguez Yordi presentan a candidatura de Ramón Piñeiro á Real Academia Galega para cubrir a vacante deixada por Manuel Banet Fontenla. Informan favorablemente a proposta Antón Fraguas, Fernández del Riego e Otero Pedrayo. O día 29 de nadal é elixido por unanimidade membro numerario da Real Academia Galega. Ata catro anos máis tarde non tivo lugar a recepción solemne (25 de novembro de 1967) na que le o discurso de ingreso "A lingoaxe i as língoas", onde fai unha profunda análise da importancia das linguas en tódolos eidos da cultura dun país e en especial do problema da lingua galega.

1964.- Nace a Unión do Pobo Galego, froito da división en grupos xuvenís do movemento galeguista, ata daquela unido baixo a dirección de Ramón Piñeiro.

Seguindo o modelo que funcionaba en Europa, Ramón Piñeiro sostiña que as forzas políticas emerxentes trala instauración da democracia ían ser o Partido Comunista –xa existente–, o Partido Socialista e un Partido Demócrata Cristián. Daquela propiciou a fundación dos dous últimos coa intención de que esas forzas xa funcionasen en Galicia organizadas polos galeguistas e non dirixidas dende Madrid, pero non conseguiron implantarse con solidez na sociedade galega.

1966-1970. Imparte cursos de verán no Middlebury College de Vermont (Estados Unidos), invitado

por Emilio González López. Fala sobre Unamuno, Ortega y Gasset e o pensamento e a sociedade española no século XVIII. Viaxa por Estados Unidos. Reencontra a dous amigos e compañeiros do cárcere, Nicolás Sánchez Albornoz e Juan García Durán. Imparte un total de cinco cursos, un por ano. A súa dona, Isabel, dá clases de conversa en español ós estudiantes norteamericanos. En 1966 asiste ó VI Coloquio Internacional de estudios Luso-Brasileiros celebrado nas universidades de Harvard e Columbia No ano 1970 pasa González López á situación de xubilado e, en adiante, xa non pode convidar a Ramón Piñeiro, que non volverá ós Estados Unidos.

Nas súas estadías en Norteamérica aqueles anos, visitou Nova York, Atlanta, Xeorxia, Conneticut, Rochester e West Point, pero foron as Fervenzas do Niágara o espectáculo da natureza que máis o emocionou. En 1970 escribe a Ánxel Fole unha carta (incluída en *Olladas no futuro*) na que dá conta destas viaxes.

O día 25 de novembro de 1967 ingresa na Real Academia Galega co discurso "A Lingoaxe i as língoas"; o encargado de responderlle é Domingo García-Sabell. O texto do discurso foi publicado pola editorial Galaxia. Posteriormente foi reeditado polo Consello da Cultura Galega, con carácter póstumo, no ano 1994.

1970.- Colabora estreitamente co doutor Agustín Sixto Seco, que preside a xunta de goberno do Padroado Rosalía de Castro, creado en 1947. Dez anos despois, no 1980, continuará a prestar axuda ó doutor ferrolán que agora preside a Fundación Otero

Pedrayo, da que Ramón Piñeiro colaborará na redacción dos Estatutos. A Fundación farase cargo da doazón do Pazo de Trasalba –que figuraba no testamento de Otero Pedrayo– á editorial Galaxia polo seu esforzo a prol da cultura galega.

1971.- É un dos participantes na proposta de unificación morfolóxica da lingua dirixida á Real Academia Galega para a súa discusión. Esta proposta constituirá o xermolo do que serán as Normas ortográficas e morfolóxicas do galego.

Participa na Semana Cultural de Galicia e Portugal organizada en Coimbra pola Universidade da cidade e a Real Academia Galega.

> ...Pero é no seu Discurso de ingreso na Academia, "A lingoaxe i as lingoas", onde formula de maneira rigorosa en qué radica ese valor esencial da lingua como elemento definidor dun pobo.
>
> A linguaxe é unha facultade exclusivamente humana. Pola lingua, ó contrario das outras especies biolóxicas, o home libérase da realidade sensorial que o rodea porque a palabra actúa como representación simbólica da realidade mesma. E con eso libérase tamén da dependencia do presente (pode pola fala trasladarse ó pasado); libérase da dependencia instintiva da especie (non opera necesariamente co autonomismo instintivo das outras especies animais); e libérase tamén da dependencia psicolóxica coa colectividade (porque aínda que é un ser social pode realizarse como individuo dentro dela). «Pola palabra o

home converte o medio en mundo. O mundo é, en rigor, unha creación do home. Mentres que o medio é unha realidade dada, o mundo é unha realidade creada». Ora, esta realidade, exterior e interior, é en principio un caos, un continuum que só pola nominación se fragmenta en unidades discretas; é pola palabra como convertemos o caos en orde. (O exemplo clásico que manexan os lingüistas é o do espectro das cores, realidade que é analizada en unidades distintas en cada lingua). A lingua mesma non é pola súa parte algo que pertenza ó herdo biolóxico do home, nin é tampouco algo que cada home tén que inventar ex novo cando empeza a falar; é unha creación cultural transmitida, estable e cambiante á vez. É precisamente por cambiante polo que a linguaxe se realiza historicamente nas linguas concretas. Por eso onde hai unha lingua hai unha cultura orixinal. Entón, se a realidade é un caos e unha lingua é unha representación simbólica desa realidade xa que cada palabra designa de modo arbitrario un fragmento dese continuum, cando aprendemos a falar aprendemos unha maneira de pensar o mundo. Velaquí o profundo significado antropolóxico que tén unha lingua; velaí tamén en qué consiste o «círculo máxico que traza cada lingua ó redor do pobo que a fala» (idea de Humboldt que Piñeiro suscribe).[7]

[7] Antón Santamarina, "Piñeiro e a lingüística", en *Homenaxe a Ramón Piñeiro,* A Coruña: Fundación Caixa Galicia, 1991, pp. 144-145.

1973.- Escribe o prólogo ó libro de Eduardo Menéndez-Valdés Golpe, *Separatismo y unidad (una unificación histórica)*, publicado en Madrid pola editorial Seminarios y Ediciones.

1974.- Publica o libro *Olladas no futuro* na editorial Galaxia. Nestas páxinas recompila un conxunto de corenta e oito traballos sobre temas moi variados, aínda que todos relacionados con Galicia e publicados na prensa entre 1949 e 1973. Neles figuran as súas ideas ó redor da obra ou da personalidade dalgunhas das figuras máis senlleiras da nosa cultura (Rosalía, Castelao, Otero Pedrayo, etc); outros tratan temas circunstanciais da realidade galega (ben na súa dimensión cultural: a lingua, o pensamento, etc., ben na súa dimensión social: a emigración, contraposición aldeán/cidadán, etc., pero tamén na súa dimensión económica: a técnica, a industrialización, etc.). Pechan o libro un grupo de traballos que reflicten impresións sobre a situación espiritual de Europa.

> ...Pódese dicir que a vida política de Ramón Piñeiro é unha responsabilidade galeguista permanente posta de manifesto en cada momento de xeito distinto segundo as circunstancias, ás que sempre está atento e ás que sempre valora polo miúdo.
>
> Nos tempos do franquismo encetou unha batalla cultural que pretendía facer do galeguismo un imperativo ético dos galegos. A eficiencia desta política probouse polo auxe que acadou o galeguismo nos anos 60 e 70 en comparanza cos anos da República.

> Coa chegada da democracia, e diante da posibilidade de instaurar a Autonomía en Galicia, a responsabilidade plásmase en diversas actuacións, que respondía á intención de que as discrepancias entre partidos se estableceran por riba da aceptación das bases nas que se fundamente a pervivencia e o futuro do país. Pensaba que, se non hai consenso nesta aceptación, os desacordos serán radicais, alonxarán ós partidos e illarán máis as súas posicións, dificultando o diálogo naqueles temas nos que cabería a confrontación. Quería que non houbera na Autonomía, como houbo noutrora, partidos inimigos do galeguismo e da galeguización. El sabía ben que a loita partidaria non podía facerse sobre do idioma ou a cultura galega, se non era co grave risco de desestabilizar a Autonomía e disgregar o país. Partindo do que debe ser común a todo o pobo, pode facerse rexurdir Galicia coa aportación, entón xa si, da visión particularista de cada grupo.
>
> Toda a súa vida loitou Piñeiro para conseguir que tódalas forzas políticas, económicas e sociais recoñecesen as señas de identidade de Galicia e reivindicasen os seus dereitos como pobo. E loitou con tal forza, entrega e convencemento que, como tén dito Fole, fixo conciencia da conciencia de Galicia.[8]

1975.- Publica "Saudade e Sociedade, dimensións do Home", texto correspondente á conferencia pronunciada na Aula de Cultura de Vigo nese mesmo ano dentro dun ciclo organizado por Álvaro Cunqueiro sobre "Galicia e o home galego".

---

[8] Benxamín Casal, "A política como un deber", en *Homenaxe a Ramón Piñeiro,* A Coruña: Fundación Caixa Galicia, 1991, p. 156.

1977.- Na súa casa de Santiago, o día 18 de febreiro, reúnese con Lorenzo Varela, Díaz Pardo, Celestino Fernández de la Vega, Valentín Paz Andrade, Luís Seoane e Xosé Luis Rodríguez Pardo para fundar a Sociedade Anónima Instituto Galego de Información, que en 1978 convocaba a primeira xuntanza de accionistas. A idea partira de Lorenzo Varela, pero Ramón Piñeiro participou moi activamente na configuración e orientación do proxecto, que, convertido en institución cultural galega, ten a súa sede en terreos de San Marcos, preto de Santiago.

Ramón Piñeiro é un dos asinantes do "Manifesto dos 29" no que se demanda un pacto galego para que os partidos que conseguisen representación parlamentaria nas Cortes aceptaran o compromiso de defender os intereses de Galicia e situala ó nivel das nacionalidades históricas vasca e catalana, asumindo (se fora posible) o federalismo como forma de configuración política do novo Estado democrático que ía xurdir das eleccións xerais do mes de xuño.

O 15 de xuño celébranse as primeiras eleccións democráticas. O Partido Socialista Galego facía un chamamento para que se constituíse unha candidatura unitaria formada por aqueles partidos que aceptaban o federalismo e solicitaba o apoio de Ramón Piñeiro e outros intelectuais galeguistas, que asinan un documento atendendo aquela petición. Finalmente as conversas fracasan e os galeguistas acuden sós ás eleccións para o Congreso, formando parte dunha candidatura conxunta ó Senado apoiada polo Partido Popular Galego, Partido Socialista Galego, Federación

Socialista Galega-PSOE, Partido Comunista e Movemento Comunista de Galicia. Ramón Piñeiro acepta figurar nas listas xunto con outros persoeiros galeguistas como Francisco Fernández del Riego, Valentín Paz Andrade, Celso Emilio Ferreiro e Isaac Díaz Pardo. Os resultados son moi desalentadores para os galeguistas, pois só Valentín Paz Andrade consegue o escano pola provincia de Pontevedra.

Asiste como convidado de honra, ó XV Congreso Internacional de Filoloxía Románica en Rio de Janeiro.

1978.- A nova Constitución é aprobada en referendo. Debido á presión de vascos e cataláns, consagraba no seu texto un modelo de Estado denominado Autonómico, que distaba o mesmo da fórmula federal que dunha simple descentralización administrativa, pero que depositaba unha amplísima capacidade lexislativa nos futuros parlamentos das tres nacionalidades históricas (Galicia, Cataluña e País Vasco). A elaboración dos Estatutos correspondíalles ás Asembleas de Parlamentarios das respectivas Comunidades Autónomas, e logo debería ser aprobada polas Cortes e posteriormente sometida a referendo.

Apróbanse os estatutos da Fundación Otero Pedrayo, redactados provisionalmente por Ramón Piñeiro e Agustín Sixto Seco e posteriormente comentados nas reunións de Galaxia. A Fundación foi declarada «de interese cultural privado» ó ano seguinte e no 1980 fanse públicos os Estatutos.

1979.- Apróbanse os Estatutos vasco e catalán, pero no trámite parlamentario de discusión do Estatuto galego nas Cortes, a UCD iniciou unha política entorpecedora, pois o Goberno sentiu medo á xeneralización do proceso autonómico e ó agravio comparativo que supuña o feito de que a vía constitucional de acceso ó autogoberno fose distinta para as "nacionalidades" que para as "rexións". As dúas forzas políticas dominantes no Parlamento, UCD e PSOE, decidiron iniciar un recorte das competencias de tódalas demais comunidades; deste xeito o caso galego, que xa tiña aprobado o Estatuto no 1936 e polo tanto posuía o dereito ó autogoberno como Cataluña e o País Vasco, sería empregado como límite, rebaixando previamente o seu nivel de competencias. No mes de novembro infórmase da vontade do Goberno de introducir un artigo co que diminuír o nivel competencial do Estatuto de Galicia, ata daquela moi similar ó vasco e ó catalán.

O 21 de novembro os galeguistas, encabezados por Ramón Piñeiro e contando co apoio dalgúns intelectuais independentes, elaboran un manifesto en contra da introducción dese artigo 32, apartado 4º, que pretendía introducirse na Constitución. O escrito foi coñecido como o manifesto «da aldraxe» e foi dirixido á opinión pública. O documento formula unha protesta pola rebaixa de competencias que amosaba o texto autonómico para Galicia que estaba a elaborar a comisión mixta constitucional (Asemblea de parlamentarios galegos). Co apoio de 27 sinaturas o escrito consegue que se rectifique o texto estatutario de

Galicia, que é obxecto dunha puntual reforma –non sen numerosos atrancos e problemas– que mellora a súa redacción inicial.

1980.- Precisamente para sacar adiante o Estatuto Galego autonómico coas máximas competencias e como grupo que estudiase e analizase a situación e futuro de Galicia nos planos cultural, económico, político e social, nace a formación coñecida como Realidade Galega. O 10 de marzo aparece o primeiro manifesto do grupo de estudios Realidade Galega, asociación integrada por sesenta e sete membros (intelectuais e profesionais, encabezados por Ramón Piñeiro) e constituída uns meses antes como resposta á situación de desconcerto que producira o proceso estatutario galego. O manifesto titulado «Ante o referendum» apareceu publicado en *La Voz de Galicia* o día 10 de marzo. Nel o grupo expresaba que "o erro cometido nas Cortes, e recoñecido oficialmente, deberá ser rectificado antes do referendo mediante negociación cos partidos interesados na autonomía". Esta negociación desenvolveuse no outono dese mesmo ano e tivo como resultado a subscrición dun pacto que supuña unha reforma do Estatuto: desaparece a polémica disposición transitoria terceira, que recortaba considerablemente as competencias da nosa Comunidade e mellorou a redacción do artigo 30, co que se afastaba a pantasma dunha supeditación de importantes materias de tipo económico (agricultura, pesca, gandería e minería) ós órganos do poder central. O 21 de nadal foi aprobado en referendo o Estatuto que faría posible o autogoberno de Galicia. O texto estatutario adquire

Siguiente

rango de Lei Orgánica 1/1981 con data de 6 de abril de 1981.

Participa no coloquio "Tradición, actualidade e futuro do galego" celebrado en Tréveris.

Viaxa a Bos Aires e Montevideo convidado polas comunidades galegas. Presentado por Carlos Zubillaga Barrera, pronuncia diversas conferencias.

1981.- No outono celébranse as primeiras eleccións autonómicas para a constitución do primeiro Parlamento galego. O galeguismo só podía acadar representación parlamentaria cunha das forzas, o Bloque Nacionalista Galego (BNG), polo que quedaban sen referencia os galeguistas que non se identificaban coa ideoloxía deste grupo político. A única solución era lograr que as forzas políticas maioritarias en Galicia o asumisen dentro da dinámica constitucional; por esa razón Ramón Piñeiro, xunto con outros tres galeguistas –Benxamín Casal, Alfredo Conde e Carlos Casares– decide aceptar a invitación do Partido Socialista de Galicia (PSOE) e presentarse como independente nas súas listas. Consulta previamente esta decisión ós compañeiros galeguistas –nunha xuntanza celebrada en Trasalba–, que apoian por unanimidade a súa participación na citada candidatura. Pero, certamente, o feito provocou unha forte polémica entre sectores do nacionalismo; a crítica fíxose pública nun documento que foi asinado polos máis discrepantes e apareceu no xornal *La Voz de Galicia* o 30 de xullo deste mesmo ano.

Sae elixido parlamentario pola Coruña e colabora moi activamente na redacción da Lei de Normalización Lingüística. Deixará o Parlamento ó rematar a lexislatura en 1985.

1983.- Ramón Piñeiro é o primeiro presidente do Consello da Cultura Galega, institución creada pola lei 8/1983 do 8 de xullo. Foi elixido en votación secreta dos membros do Consello o 3 de novembro dese mesmo ano e resultará reelixido en outubro de 1989. Na súa primeira intervención (31-I-1984) á fronte da nova institución subliña que o Consello deberá planificar o seu traballo para que o pobo galego recupere "a plenitude da súa personalidade a partir da súa recuperación cultural". Á súa morte, en 1990, sucédelle no cargo o profesor e erudito galeguista Xosé Fernando Filgueira Valverde.

Asiste en Lisboa, como convidado especial, ó Congreso Internacional sobre " A situación da Lingua Portuguesa no mundo"

1984.- Aparece na editorial Galaxia o seu libro *Filosofía da saudade*, no que se reúnen catro traballos publicados xa anteriormente e outro inédito aínda que fora dado a coñecer como conferencia.

O 21 de novembro a Generalitat de Catalunya concedeulle a *Creu de Sant Jordi* "pola fecunda tarefa realizada na defensa e divulgación da lingua, a cultura e a identidade de Galicia".

1985.- É galardoado pola Xunta de Galicia coa Medalla Castelao. No acto, celebrado no Concello da Coruña, é galardoado tamén o seu amigo Francisco Fernández del Riego, que fala en nome dos premiados.

Participa no Congreso Internacional "Rosalía de Castro e o seu tempo", celebrado en Santiago de Compostela.

1989.- No mes de outubro é reelixido para un novo mandato de catro anos no Consello da Cultura Galega.

1990.- Gaña o Premio Fernández Latorre de xornalismo convocado por *La Voz de Galicia*. O historiador do xornal, Fernández Santander, comenta o feito sen esquecer que por razóns de saúde o galardoado non puido recoller o premio:

> El premio Fernández Latorre de este año, ya en su 32 edición, es concedido, por unanimidad, al intelectual galleguista Ramón Piñeiro por «su aportación como intelectual y pensador en el último medio siglo de nuestro país». Desgraciadamente, Piñeiro, cuya salud estaba muy deteriorada a causa de un cáncer de páncreas, no podrá recoger el premio, pues fallecerá meses después, por lo que lo recogió su hermana. Piñeiro es, además, un veterano colaborador del periódico, ya desde los tiempos del franquismo. Su peripecia vital, marcada por un galleguismo didáctico y el deseo de pasar siempre desapercibido, fue seguida siempre por La Voz con gran admiración. El fallo del jurado, que estuvo presidido por Santiago Rey, fue por unanimidad...[9]

[9] Carlos Fernández Santander, *La Voz de Galicia. Crónica de un periódico* (1882-1992) tomo II, A Coruña: Ed. do Castro, 1994, p.400.

Por encargo da Real Academia Galega fai a edición do libro *Luis Pimentel*[10] no que escribe un limiar sobre a vida e obra do poeta lugués –do que foi amigo e ó que admiraba pola súa pureza lírica– e fai unha escolma da súa obra poética en galego e castelán.

Participa no libro *Luís Pimentel. (1895-1958). Unha fotobiografía*, conmemorativo do poeta lugués (homenaxeado no Día das Letras daquel ano 1990) co artigo "Lembrando a Luís Pimentel".

Promove, no Consello da Cultura, a colección de Clásicos traducidos ó galego, colección iniciada coa publicación de *A Ilíada* de Homero.

Recibe a Insignia de Ouro da Universidade de Santiago de Compostela de mans do Rector Carlos Pajares.

En xaneiro morre Isabel López García, a súa muller e compañeira inseparable durante tantos anos.

O día 27 de agosto finou Ramón Piñeiro López na súa casa da rúa de Xelmírez, en Santiago de Compostela.

> ...Adoitaba dicir, sobre todo nos últimos meses da súa vida, que se sentía unha persoa moi recompensada, pois aínda que non fixera case nada do que lle gustaría facer, moitos dos seus soños convertéranse en realidade: a editorial Galaxia, a revista Grial, a recuperación dos dereitos políticos de Galicia, a dignificación social da lingua, a extensión do galeguismo... A todo esto

[10] *Luís Pimentel*, A Coruña: Publicacións da R.A.G, 1990.

engadía sempre, no plano estrictamente persoal, o cariño do cal se vía rodeado, os moitos amigos que tiña e mesmo un anxo da garda que o levaba protexido ó longo de toda a súa vida e que o seguía protexendo, segundo adoitaba dicir con humor.

Non se explicaba as moitas deferencias que os demais tiñan con el nin o respeto con que o trataban a maior parte das persoas que o coñecían. Tampouco era consciente do enorme poder de que gozaba, baseado unicamente na súa autoridade moral e no seu prestixio persoal. Nunca o utilizou en beneficio propio e preferiu vivir con modestia, algo que por outra parte sintonizaba moi ben coa súa maneira de ser e coa tradición campesiña de onde procedía. Nacido nunha pequena aldea luguesa, conservaba a mentalidade dun home do campo, o que incluía o mesmo a concepción da hospitalidade que converteu o seu fogar nunha casa aberta a coñecidos e descoñecidos, que o sentido da cautela, tan acusado que o levaba a someter a un implacable e prudente labor de análise calquera proposta antes de aceptala.

Poucas persoas teñen exercido unha influencia tan fonda sobre o seu país con tan poucos medios. Sen bens de fortuna, xunto con media ducia de amigos creou algunhas das empresas culturais máis sólidas e efectivas de todas cantas se levaron a cabo na Galicia do século XX. Sen unha organización política na que apoiarse, contribuíu como poucos á progresiva galeguización de tódalas forzas políticas parlamentarias e axudou a resolver con discreción e sen afán de protagonismo de ningún tipo serios atrancos que coutaban o desenvolvemento normal das institucións autonómicas. Quen

> precisou da súa axuda contou sempre con el sen pedir nunca nada a cambio, movido só polo seu ideal galeguista, que foi o centro da súa vida[11].

1991.- Un ano despois do seu pasamento, a revista *Grial* publica o seu número 111 (xullo-setembro de 1991) en homenaxe a Ramón Piñeiro baixo o título *Da miña acordanza*. Reúne este volume un conxunto de escritos do homenaxeado: memorias, cartas, textos e documentos políticos.

Neste mesmo ano aparecen *Ramón Piñeiro: unha vida por Galicia*, de Carlos Casares, e o volume colectivo Homenaxe a *Ramón Piñeiro*, ámbolos dous publicados pola Fundación Caixa Galicia.

1994.- O día 24 de marzo ten lugar a inauguración oficial do Centro Ramón Piñeiro de Investigacións Lingüísticas e Literarias, dependente da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. Con motivo da súa inauguración preséntase o libro *Lembranza de Ramón Piñeiro*, editado polo mesmo Centro Ramón Piñeiro, que reúne discursos de Marina Mayoral, Domingo García-Sabell, Carlos Casares e Manuel Fraga.

2000.- A Editorial Galaxia convoca o I Premio Ramón Piñeiro de ensaio.

2002.- Publícase, en edición ó coidado de Carlos Casares, o libro *Ramón Piñeiro: Da miña acordanza (Memorias)* en coedición da Editorial Galaxia e a Funda-

---

[11] Carlos Casares, "Ramón Piñeiro", en *Homenaxe a Ramón Piñeiro,* A Coruña: Fundación Caixa Galicia, 1991, pp. 12-13.

ción Caixa Galicia. Nestas páxinas (publicadas en parte en 1991, no nº 111 da revista *Grial*, monográfico dedicado a Ramón Piñeiro) temos un percorrido biográfico que vai –ó fío da memoria do mesmo Ramón Piñeiro– dende os anos de nenez ata os comezos da década de 1980.

2003.- O día 28 de novembro o Centro Ramón Piñeiro fai unha homenaxe a Ramón Piñeiro e Constantino García, este último, coordinador científico do Centro ata o ano 2002. Preséntanse os *Cadernos Ramón Piñeiro* –os tres primeiros números– e o CD-Rom "Conversa con Ramón Piñeiro", realizado por Manuel Rico Verea. Ten lugar a entrega do Premio Centro Ramón Piñeiro de ensaio breve

convocado por vez primeira.

Bibliografía consultada

AA.VV., *Homenaxe a Ramón Piñeiro*, A Coruña: Fundación Caixa Galicia, 1991.

Casares, Carlos, *Ramón Piñeiro: unha vida por Galicia*, A Coruña: Fundación Caixa Galicia, 1991.

———— *Ramón Piñeiro*, Santiago de Compostela: Centro de Investigacións Lingüísticas e Literarias Ramón Piñeiro, 1996 [Publicación que consta de libro e vídeo].

———— *Ramón Piñeiro*, Santiago de Compostela: Dirección Xeral de Promoción Cultural , 1996 [Publicación que consta de libro e vídeo].

———— (ed.), *Da miña acordanza. (Memorias)*, Vigo: Galaxia / Fundación Caixa Galicia, 2002.

Franco Grande, Xosé Luís, *Os anos escuros, I. A resistencia cultural da xeración da Noite* (1954-60), Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 1985.

Mourelle de Lema, Manuel (ed.), *Ramón Piñeiro y su circunstancia*, Madrid: GRUGALMA, 1993 (Colección Aula Abierta, 3) [Colaboracións de Carlos A. Baliñas, Xosé L. Barreiro Rivas, Isaac Díaz Pardo, Marino Dónega, Mª Victoria Fernández España, Antonio Fraguas, Domingo

García-Sabell e Manuel Mourelle de Lema].

Piñeiro, Ramón, "Da miña acordanza", en *Grial*, tomo XXIX, nº 111, 1991.

———— "Documentos políticos", en *Grial*, tomo XXIX, nº 111, 1991.

———— "Cartas", en *Grial*, tomo XXIX, nº 111, 1991.

Mato, Mª Isabel, *Ramón Piñeiro*, Lugo: El Progreso, 2003.

2. Cartas

2.1 Arredor das cartas[1] de Ramón Piñeiro.

Se foron moitos os interlocutores de Ramón Piñeiro arredor da famosa "mesa camilla" da pequena sala do cuarto piso do número quince da rúa Xelmírez de Santiago de Compostela, onde a cotío se exercitaba a arte socrática do diálogo, non foron menos numerosos os destinatarios das súas cartas. Efectivamente, non é esaxerado falar da fecundidade epistolar de Ramón Piñeiro, autor dun "inmenso epistolario, acumulado día a día durante moitos anos"[2].

---

[1] Reunimos aquí un breve conxunto de cartas de Ramón Piñeiro, que fixo da carta unha habitual forma de comunicación e de expresión persoal. Trátase en tódolos casos de cartas particulares –inéditas ata agora mesmo– e son, dende logo, unha parte mínima das moitísimas que deixou escritas. Non hai, nesta nosa breve recompilación, pretensión ningunha agás contribuír á divulgación do epistolario de don Ramón con estas mostras puntuais.

Debe constar aquí a nosa gratitude ós que, con absoluta xenerosidade, cederon estes textos epistolares que agora publicamos (Manuel María, Claudio Rodríguez Fer, Carlos Zubillaga Barrera e Pilar Vázquez Cuesta mandáronos directamente). Noutros casos como os de Avilés de Taramancos ou Eduardo Moreiras, chegaron da man de Luís Avilés e Luz Pozo respectivamente. O noso amigo Xosé Luís Axeitos forneceunos as de Rafael Dieste. As de Luís Pimentel e a súa dona, Pilar Cayón, chegáronos da man de Claudio Rodríguez Fer. As de Carlos Casares tivémolas por xentileza da Fundación Carlos Casares. A todos, a nosa gratitude.

[2] Carlos Casares (sen sinatura), "Introducción" en *Grial*, nº 111, Vigo, xullo-setembro de 1992, pp. 335-339 [Número especial titulado *Da miña acordanza*, dedicado a Ramón Piñeiro].

A súa xenerosidade no cultivo do xénero epistolar e, sobre todo, o alto interese de moitas das súas mostras determinou a atención dalgúns que tentaron fixar as claves internas e externas –expresión e contido– desta importante parcela dos escritos piñeirianos. Así, Suárez Picallo fala dunha "impronta persoal" dos escritos de Piñeiro ("un mesmo estilo, un mesmo xeito de discorrer, unha mesma espléndida linguaxe, e a mesma idea central")[3] pero sen especificar os trazos definitorios dos elementos integrantes de tal "impronta". Cinguíndose concretamente ás cartas, Carlos Casares estima que son escritos reveladores de "distintos aspectos da súa personalidade", marcada en concreto por

> a preocupación sincera polos amigos, (...) a lealdade e a lucidez na formulación do xuízo crítico (...) ou a reflexión espontánea, pero sempre fonda e penetrante, respecto das cuestións relacionadas coa actividade cultural ou artística.[4]

Noutra ocasión, o mesmo Carlos Casares, que tanto e tan fondamente tratou a Piñeiro, deixou escrito que este pensara escribir

> catro libros de cartas, que pensaba dirixir, respectivamente, ós galeguistas do pasado, a amigos contemporáneos, a amigos mozos e a personaxes imaxinarios[5]

---

[3] Ramón Suárez Picallo, "Carta de Ramón Suárez Picallo", en *Grial*, nº 11, Vigo, xullo-setembro de 1991, p. 400.

[4] Art. cit., pp. 5-6.

[5] Carlos, Casares, "Limiar" en *Ramón Piñeiro: Cartas para os amigos*, Santiago de Compostela: Editorial Compostela / *El Correo Gallego*, 1992 (Biblioteca 114, nº 13, p. 5).

Como acontece con certa frecuencia o proxecto quedou niso mesmo, en proxecto. Sen embargo, coa parte xa publicada do epistolario piñeiriano estima Casares que a frecuentación deste xénero por Piñeiro debeuse ó "carácter familiar"[6] que en tempos pasados tivo a cultura galega, circunstancia que precisaba dunha forma expresivo-comunicativa como a da carta. Non é necesario precisar que o devir histórico e cotián da cultura galega é asunto unha e outra vez reiterado nos textos epistolares do fundador de Galaxia.

Foi Darío Villanueva quen, partindo da relación diálogo-carta (a carta sería unha "sorte de conversa indirecta" como apuntaba Erasmo) puxo de relevo o "socratismo epistolar de Piñeiro" e, así mesmo, a súa crenza na "natureza dialóxica do home". Alto valor literario, funcionalidade impresiva ou perlocutiva, instrumento de revelación da verdade que se quere compartir, ámbito de liberdade expresiva serían outros tantos trazos deses "aparellos socráticos" que son as cartas de Ramón Piñeiro.[7]

Home de reflexión, non podía Ramón Piñeiro senón reparar –e facelo reflexivamente– nun xénero no que semella se mover como peixe na auga. Tal reflexión aparece, por exemplo, na súa "Carta a Pedro Abuín". Das tres maneiras de dialogar e das dúas maneiras de entender a cultura, "onde define a carta como "un diálogo a distancia, un diálogo no que un dos interlocutores está

---

[6] Op. cit., pp. 5-6.

[7] Darío Villanueva, "A carta socrática de Ramón Piñeiro", en *Boletín Galego de Literatura*, nº 11, Santiago de Compostela, maio de 1994, pp. 67-70. [Reproducido en *Grial*, nº 146, Vigo, abril-xuño de 2000, pp. 179-182].

presente só espiritoalmente e fala en silencio"[8] , para, a continuación situala en posición central ou intermedia respecto das tres maneiras de dialogar:

> O diálogo epistolar semella que ven ter algo dos outros dous (o diálogo oral e o silandeiro diálogo dos espíritos), pois non é un parolar entre persoas nin unha conversa entre espíritos: é o dialogar entre unha persoa e mailo espírito de outra. Marca o límite das posibilidades comunicativas do home, pois alén del está o reino ultrahumán do puro espírito, que é tamén, o reino do puro silencio.[9]

A partir desta formulación do propio Piñeiro, establece Ramón López Vázquez a seguinte deducción:

> Isto permite que tal forma de comunicación emane da intimidade de quen a escribe e camiñe á do que ha de recibila; é un tributo á liberdade humana que vai, coma todo en Ramón Piñeiro, de dentro a fóra, conservando sempre os sinais propios da raíz sentimental da que abrolla. Non é un intranscendente parolar a distancia e por escrito entre dous. Por iso a meirande parte delas están destinadas a xulgar asuntos humanos referidos aos galegos. A antropoloxía galega ten na correspondencia de Piñeiro unha fonte de

---

[8] Ramón Piñeiro "Carta a Pedro Abuín", en *Olladas no futuro*, Vigo: Galaxia, 1974, p. 40.

[9] Op. cit. p. 338.

> información necesaria para calquera analítica existencial.[10]

É probable que fora Francisco Fernández del Riego o destinatario do maior epistolario[11] privado de Ramón Piñeiro, que entre os anos 1948 e 1970 lle escribiu ó seu amigo Paco varios centos de cartas. Dispoñemos agora dun total de 405 desas cartas, seleccionadas polo mesmo Fernández del Riego "entre a chea delas que figura no noso arquivo" e que saen da cronoloxía fixada polo editor, quen suprimiu "aspectos secundarios de tipo particular ou familiar" que figuraban nos orixinais.[12]

Limitadas pola supresión dos elementos pertencentes á esfera da privacidade, estas cartas testemuñan o "celo co que Ramón Piñeiro se entregou á tarefa de laborar por Galicia, pola súa cultura, pola súa lingua, axudando a crear novos órganos de opinión". Son cartas –continúa a dicir o seu destinatario– "sinceras, entrañables" polas que é constante "o entrecruce de literatura e política" e polas que "desfilan vellos e novos amigos".[13]

Estamos, con seguridade, diante dun documento do que foi a historia e, sobre todo, a intrahistoria de Galicia no cultural e no político, no literario e no lingüístico e tamén no terreo das relacións persoais de intelectuais e escritores na Galicia dunha ampla posguerra (1948-1970), coas súas luces e as súas sombras. Xorde nestas

---

[10] Ramón López Vázquez, "Para unha sistemática de Ramón Piñeiro", en *Cadernos Ramón Piñeiro*, nº 1, Santiago de Compostela, 2003, p. 64

[11] Francisco Fernández del Riego, *Un epistolario de Ramón Piñeiro*, Vigo: Galaxia, 2000.

[12] Op. cit., pp. 7-10.

[13] Ibidem.

liñas manuscritas o perfil humano –sentimental ou ideolóxico– de quen escribe, pero é aínda superior a súa contribución informativa, a súa dimensión de contexto interno, persoal e vivido de feitos e acontecementos. En definitiva, a primacía do valor referencial está complementada co plano expresivo-emotivo no que asoman trazos caracterizadores da persoa e da personalidade de Ramón Piñeiro.

Nesta imprecisa e parcial procura das claves das cartas de Ramón Piñeiro pode ter algunha significación a cabeceira dunha misiva que lle envía Rodolfo Prada desde Bos Aires con data de 12-II-1976:

> Recibín a súa preciada carta do 3 deste mes, carta que, pola súa extensión e os razonamentos que contén, é moi de agradecer (...)
>
> Epístola tan razoada, é moi propia de quen, como vostede, adoita manexar, con rigurosidade, os argumentos nos eidos da filosofía...[14]

Dúas observacións semellan aquí pertinentes. A primeira é o emprego indistinto dos termos carta e epístola. Haberá que acudir ó sempre memorable ensaio de Pedro Salinas en defensa da carta –"Defensa de la carta misiva y de la correspondencia epistolar"– para lembrar as diferencias entre unha e outra. Poderemos establecer entón a condición de epístolas de certos escritos que o mesmo Ramón Piñeiro chama cartas e que, fóra do "círculo social mínimo de la carta: dos personas (...)

[14] "Correspondencia con Rodolfo Prada", en *Grial*, nº 111, tomo XXIX, Vigo, xullo-setembro de 1991, p. 417.

el número de la perfecta intimidad" –como deixou escrito Salinas–[15] son textos que teñen un único destinatario individualizado e inmediato pero, en última instancia, posúen un segundo destinatario plural e público e por iso o autor as publica pensando sobre todo nun determinado círculo de lectores-destinatarios interesados por Galicia, por saber de Galicia.

Se temos en conta certas cartas de Piñeiro que el mesmo deu á publicidade en *Grial* ou en *Olladas no futuro* (e que reproduciu en máis dunha ocasión), non é dubidosa a súa condición de verdadeiras epístolas, por razóns de extensión, de estilo, de estructuración argumentativa e de lingoaxe, nin tampouco a súa clara filiación na literatura epistolar que abrangue o sermón, a sátira, o discurso propagandístico, a narración ou o ensaio con moi notable restricción da intimidade. Pode falar entón, xustificadamente, Rodolfo Prada da epístola "tan razoada" que lle enviara Piñeiro e aínda destaca nela a capacidade argumentativa do seu interlocutor, forxado intelectualmente nos estudios de Filosofía.

Cómpre volver ó ensaio citado de Pedro Salinas porque varias das súas observacións resultan de utilidade para coñecer algunhas peculiaridades das cartas (e epístolas) de Ramón Piñeiro. Desas observacións que deixamos á curiosidade intelectual do lector, salientaremos unha: "Hombre que acaba una carta sabe de sí un poco más de lo que sabía antes; sabe lo que quiere comunicar al otro ser". E iso é así, entre outras razóns, porque "la primera claridad de la carta, es para el que la escribe".[16]

---

[15] Pedro Salinas, "Defensa de la carta misiva y de la correspondencia epistolar", en *El defensor*, Madrid: Alianza Editorial, 1967, p. 36.

[16] Op. cit., p. 35.

As cartas de Ramón Piñeiro son, sen dúbida, unha vía ou instrumento de autocoñecemento e son, así, reveladoras do seu pensar e sentir íntimos, do seu ideario político-cultural e, sobre todo, da súa particular forma de entender Galicia e das estratexias da súa loita persoal no presente e no futuro que soña para o país. É nesta dimensión de coñecemento da intimidade ou da privacidade do emisor na que teima Pedro Salinas, que rexeita a consideración da carta como conversa privada e, en consecuencia, se manifesta contrario "a ese concepto de la carta que la tiene por una conversación a distancia", pois "cartearse... no es hablarse".[17]

Cando se faga un estudio en profundidade das cartas de Ramón Piñeiro haberá que distinguir, primeiramente, entre as epístolas, que el mesmo fixo públicas e que son misivas de certa extensión cunha linguaxe ben formalizada, e aquelas cartas, certamente máis breves, de expresividade máis cotiá, non pensadas para a súa publicación. Haberá tamén que matizar, paralelamente, na cuestión do destinatario directo (individual) e indirecto (supraindividual) e no predominio das funcións referencial ou expresivo-emotiva. E, seguramente, haberá que estar de acordo en dúas consideracións: como escritor, por enriba da súa producción ensaística e dos seus artigos de prensa, Ramón Piñeiro foi un autor de cartas; a carta foi o seu fundamental instrumento de relación, expresión e comunicación. En segundo lugar, esa producción epistolar –cartas, epístolas– é o mellor vehículo para coñecer a Ramón Piñeiro en profundidade e saber, en consecuencia, cómo entendeu o galeguismo e qué Galicia preconizou nos tempos difíciles que lle tocou vivir.

---

[17] Op. cit. pp. 29-30.

2.2. Cartas a Antón Avilés de Taramancos:

Compostela, 11-IX-60

Benquerido Avilés de Taramancos:

Cando pasei pola Cruña a fin de agosto, os rapaces informáronme de que te tiñas marchado para Noia. Non sei por qué, a noticia produxome unha íntima ledicia. Moitas veces me lembraba de ti e sempre tiña a impresión de que a frivolidade ambiental coruñesa non era boa pra o teu esprito, de seu tan san. Temía que, co tempo, chegase a te desmoralizar. Agora vexo que o teu radical instinto campesiño levoute de novo á terra. Eu que tamén son campesiño sei ben o que eso siñifica. Por eso estou ledo.

O que me contas na tua carta emocionoume fondamente. O día que en todalas vilas da nosa terra haxa un fato de mozos coma ise de Noia, o rumo da vida galega cambiará totalmente. Non é moito soñar o confiar en que as novas xeneracións darán ises núcleos de rapaces leales. Nós vivimos e traballamos con esa única espranza. O futuro da terra está nas nosas mans. Nós sabemos que son mans firmes, nobres, xenerosas, que saberán abrir vieiros novos pra o noso pobo.

Sinto ben non ter ningún amigo ou conocido en Suiza, pois gustaríame moito poderche atender esa petición. Hei pescudar entre os amigos. Si aparece algún que teña alí persoas conocidas, de contado cho comunicarei.

Dispón sempre como queiras e recibe unha aperta forte e cordial do teu amigo certo.

Ramón Piñeiro.

***

Compostela, 23 de marzal do 1961

Meu querido Avilés:

Hoxe póñoche unhas liñas pra che facer unha encomenda lingüística en relación co vocabulario da curtición de coiros, industria tradicional nesas terras noiesas. Verás, trátase do seguinte: o profesor J. L. Pensado, que está traballando sobre temas do noso idioma, e que lle interesan porque tamén il é galego, ten aitualmente entre mans un traballo sobre as palabras GOLDRAR, GOLDREIRO e GOLDRO. O alemán Spitzer fai derivar GOLDRAR de COLORARE. Pensado anda dándolle voltas a todolos problemas etimolóxicos e semánticos relacioados con esas palabras e derivados.

Eu fixen pescudas en Pontedeume e máis en Allariz, onde o noso bó amigo Pepe Nogueiras ten unha importante industria de curtición. Il mesmo aconsellou-me que pescudara tamén pola zona de Noia e indicoume o nome de José Fernández Juanatey (Pepito Rubico), inda que polo visto ahí hai así como trinta fábricas de curtume. Queríamos saber istes datos:

1) ¿Emprégase entre os curtidores o verbo GOLDRAR?

2) ¿Hai algunha sustanza que se chame GOLDRO ou GOLDROS?

3) ¿Úsase a palabra GOLDREIRO pra desiñar ó curtidor?

Conviña que fixeses unha pescuda fonda sobre o particular, falando con varios curtidores. Tamén de paso, conviña que recolleses todo o vocabulario relacioado coa operación ou coa industria do curtume. Refírome ó vocabulario galego, pois os nomes técnicos das máquinas non interesan. Si fas o favor envíasme os datos que recollas.

Mándoche un programa da leitura que onte se fixo en Fonseca de Orestes do rapaciño lugués, estudante de 2º de Filosofía, Arcadio López-Casanova. Houbo moita xente e resultou espléndidamente ben. Aituou brillantemente a nosa amiga Merche.

Estivo eiquí tres ou catro días o poeta do Caurel. Viña coa irmá ó médico. Traguía o seu novo libro *Elexías do Caurel*, que é bó.

¿Que é da túa vida?

Unha forte aperta do teu amigo e irmán.

Ramón Piñeiro.

***

Compostela, 20-VI-61

Meu querido Avilés:

Acabo de recibir a tua carta, que pódesmo crer, emocionoume fondamente, pois comprendo plena e crarísimamente a tua situación de ánimo. Tanto máis a

comprendo canto que, no meu interior, moitas veces me lembraba de ti e matinaba na desgracia que era que te tiveses que marchar da terra. Faleino reiteradamente con Paco del Riego, faleino por carta co Caamaño –ambos te estiman moi sinceramente–, faleino infinidade de veces cos rapaces novos que agora inician as mesmas arelas nosas. Si o país fora dono de sí, os seus fillos non deberían sentir a necesidade de se marcharen polo mundo contra a sua vontade. Haberá que lamentar moito a tua marcha i a dos homes de lei coma ti. Preocúpame moito eso.

Foi unha gran pena que ti non lle tiveras escrito a Domingo –ou a min– con anterioridade a víredes á consulta. Si lle tiveras posto unhas liñas previas espricándolle o teu interés, sin duda terías acadado o "éisito" moral que percurabas. Non sei o que ocurríu, pro figúrome que funcionou o mecanismo moral da clínica. Teñen que facer así por mor de regularizar o traballo, que alí é moito. Cando algún amigo coma ti quer tratar algún problema médico con Domingo, o habitual é escribirlle antes pra que conte con il. Os mesmos enfermos que non son amigos e acuden a il en relación estritamente profesional, piden previamente a data da consulta. No teu caso as cousas aínda se compricaban máis –non contando contigo– polo feito de ser problema de especialista, según me dixeches, co cal o propio médico-axudante xa o desviou espontáneamente. A cousa é ben lamentábel porque o que ti lles querías demostrar ós teus familiares puidéchelo conquerir doadamente. Podes estar ben certo de que Domingo te aprecia de verdade e con moito gusto te tería compracido. Precisamente il é un home de corazón xeneroso. Xa ves, o teu amigo Claudio, o pintor coruñés, apareceulle un día na clínica. Consultouno, facilitoulle que o operasen da vesícula e atendeuno cordialí-

simamente, sin que se coñeceran nin foran amigos con anterioridade. Figúrate si non te atendería con gusto a ti, que te conoce persoalmente e te estima.

Ora, vexo que estás un pouco abafado polas circunstancias que niste intre te fustigan. Non te deixes vencer polo desánimo. Ti eres aínda moi novo e tes un esprito de cerne rexo. Pouco importa que as circunstancias miúdas que te arrodean non esteñan ó teu nivel. Ti tes que crer en ti mesmo. No máis íntimo da tua concencia sabes que os reproches que che se fan teñen un valor puramente aparente. Sabes ben que, na verdade esencial das cousas, ti non fuches un trangalleiro irresponsábel.

A tua eisistencia ten un senso fondo e nobre, ó servicio dun ideal xeneroso. Certo que eso non se pode comprender no ámbito reducido e concretísimo do medio familiar. Pero ti sabes tamén que esa incompresión é forzosa, porque iles móvense nun nivel de problemas moi distinto. Pola superior perspeitiva do teu punto de vista na vida, tes que aceptar e perdoar esa incomprensión. Mais de ningún xeito che está permitido sucumbir a ela. Ti estás, en conciencia, moi seguro da tua verdade. E, mesmo por eso, porque crés no valor supremo da verdade que sintes dentro de ti, tes que crér tamén en ti mesmo.

Terás, sin dúbida, unha sensación neboenta de soedade e de fracaso; pro esa sensación é puramente subxetiva. Non corresponde á realidade dos feitos. Ti non estás soio. Tes moitos e bós amigos que te conocen, que te comprenden e que te estiman. Ti eres unha parte viva, acesa e valiosa da Galicia aitual. As migalladas da vida familiar e cotián non poden anular a realidade i a siñificación dise feito.

Tes que vencer esta crisis íntima. Tes que ocupar o posto honroso que che corresponde na groriosa i esforzada empresa de facer que o noso sofrido pobo recobre a concencia de si mesmo e acade o nivel histórico propio do noso tempo. Temos moito que facer pra conquerir que os nosos campesiños e mariñeiros cheguen a vivir coa diñidade que lles compre como europeos do século XX. Ti ben sabes que si nós non nos entregamos á empresa, iles seguirán indefensos e abandoados e terán que seguir percurando na emigración a única posibilidade de redención. Somos poucos os que sentimos o imperativo moral da empresa. Ti eres un diles. Un dos millores. Non podes sentirte vencido en plena mocedade. Necesitámoste. A terra percisa de ti.

Desexo saber os teus sentimentos e pensamentos. Agardo que me escribas.

Saúdos de Isabel. Unha aperta moi forte do teu amigo certo

Ramón Piñeiro

***

Compostela, 1-III-62

Benquerido e lembrado Avilés:

Non sabes canto me alegrou a tua carta. Eu preguntaba decote a todolos noieses que conozo qué noticias tuas chegaban. Pouco me decían. Mais ou menos o que eu xa sabía: que estabas en Bogotá. Agora xa sei que estás ben e matinando no retorno trunfante. ¡Gran

cousa esa! Cando un guerreiro coma ti pensa rexamente na victoria, seguro que a acada. Celebrarémola xuntos eiquí na miña casa.

O panorama ambiental que me describes é abondo esterrecente. Non é que me solprenda moito, pro non deixa de me impresionar a sua realidade como esperiencia permanente.

Alégrome que bateses ahí con un escultor compostelán. A enerxía espritoal de dous artistas pode facer moitos milagres a prol da terra.

Os poetas están istes días moi enredados coas Minervales, que serán o sábado. Na poesía galega foron premiados Franco Grande, Arcadio e mais Bernardino Graña. Na castelán, Arcadio, Salvador e máis Pérez Fuentes. O sábado estarán de protagonistas na festa trovadoresca do Hostal. Salvador e máis Auricho Pensan escribirche.

Xa sabes que o Caamaño veuse prá Cruña. Vai cáseque todolos sábados a Noia. O Paco, en cambio, foise pra México. Pola Merche sabemos dil.

Nistes días terá que se adxudicar o "Premio Galicia", establecido pola Fundación March para o escritor vivo cuia obra máis teña contribuído á eisaltación literaria de Galicia. Xa te podes supor que todo o país considera que ise premio correspóndelle, sin posibel discusión, a D. Ramón Otero Pedrayo.

Acabamos de sacar Cousas, de Castelao, que estaba totalmente esgotado, e preparamos o segundo tomo da serie de dibuxos titulada Cousas da vida. Nistes días estamos rematando co terceiro tomo do Diccionario de D. Eladio, ó que lle engadimos un Apéndice con cinco

milleiros de voces vivas e localizadas e outro castelán-galego.

Xa nos terás ó tanto da tua vida e milagres. Queremos saber de ti.

Moitos saúdos de Isabel e unha forte e cordial aperta do teu amigo e irmán.

Ramón Piñeiro

2.3. Cartas a Carlos Casares.

Compostela, 4-IV-1965

Benquerido Carlos:

De volta de Lugo, a onde fun pra asistir a un homenaxe que lle fixeron a Luis Pimentel, atópome eiquí coa tua carta. Non che contestei antes por mor da ausencia luguesa.

Xa vexo que estás mergullado nunha crisis anímica máis ou menos semellante a algunha anterior de que me tes falado. Non te alarmes. Mira, cando se ten unha vida interior moi intensa –como ti, de certo, tes–, de vez en cando prodúcense esta especie de crisis en que un se sinte como abatido e confuso. Eu tamén che teño pasado por esa esperiencia. Pro eso é pasaxeiro. Xa verás como a fe íntima, a que nace das raíces máis fondas do teu ser, acenderá de novo a sua chama e devolveralle a quentura do entusiasmo ó teu ánimo. Canto máis, que te necesitamos. Ti estás chamado a ser un dos grandes renovadores da prosa galega. Ademáis, pois que eres home de moi sinceira convicción relixiosa, tes que axudar á necesaria anovación espritoal do catolicismo galego. Entre outras cousas, por exemplo, traducindo á nosa língoa –á língoa do pobo– as principás oraciós da Liturxia. ¿Quén senón un poeta pode facelo acaídamente?

Fálasme, outravolta, da fascinación que che produce a "praxis" do marxismo. Non dubido que así é. Con todo, si non estou equivocado, non é ise o camiño que

mellor cadra ó teu verdadeiro ser. Eu véxote a ti demasiado "humán", demasiado "cristián" pra te poderes identificar sin daño coa dialéitica impersoal da "praxis" marxista. A fascinación prodúcese por un erro de perspeitiva, pois reparas na súa "eficiencia" esterna máis que no seu costo en valores humás. Naturalmente, eu respeito os teus puntos de vista. Todo o que che digo non é por te contradecir nin por discutir as tuas opiniós, senón, máis ben, por che espoñer coa máis amistosa lealtade o meu parecer.

O importante, de momento, é que non te abandoes ó desánimo. Si pra o curso que ven ves a Compostela, como pensas, o mellor será que falemos co noso común amigo Nogueira e xa verás como che axuda a combatir esas crisis si é que voltan. Xa ves que tamén lle axudou ó Arcadio. Non tes porqué rillalas ti soliño.

Non sabes canto me alegrou a noticia de que matinas escribir catro contos. Debes escribilos, claro que si. E publicalos.

Escríbeme e cóntame como vas de ánimos.

Lembranzas de Isabel. Unha aperta forte e cordial do teu amigo

Ramón

***

Compostela, 29-IV-1968

Benquerido Carlos:

Acabo de recibir a tua carta, que me emocionou fondamente. Escríboche co corazón conmovido polas cousas

que nela me contas. Xa sabía, si, do labor dos cregos do Ribeiro. Bastante xente me falou diles, sempre con admiración e loubanza. Pro a túa carta é moi distinta, porque me fixo talmente vivir a maravillosa xornada que nela me contas. Con xente así, podemos confiar no futuro dos nosos compañeiros. Ó cabo de moitos séculos de servidume espritoal –ademáis das outras–, van atopar mans amigas que, xunto coa benzón, lles ofrecen axuda fraterna. De ahí xurdirá unha Galicia nova, diñificada polo cristianismo verdadeiro, o que cré na caridade, na xusticia, na libertade como supremos bens temporás do home.

Mándoche o libro de Emilio. Sei que che ha interesar. Si fas o favor, cando publiques o comentario non deixes de me mandar o recorte do artigo, en primeiro lugar pra o ler e logo pra llo mandar ó autor do libro, que nada lle interesa tanto como os comentarios que se fagan en Galicia.

Non sabes canto me alegro de saber que estás animado e que escribes. Lémbrome moito de ti e sempre teño preocupación por saber si escribes ou non, si estás animado ou non. Ti tes que escribir moito, non só porque escribes con verdadeiro talento literario –que xa sería dabondo– senón porque contas con unha gran riqueza espritoal que debe dar froitos pra todos nós.

Unha forte e cordial aperta do teu amigo

Ramón.

***

Benquerido Carlos:

Aguardamos que xa estea ben o Cristian e que reine plena e leda tranquilidade nese fogar.

Alegreime moito de que lograses unha solución asisada e xusta para os premios. De se deixar levar polo camiño das consideracións persoais máis que das literarias, o prestixio do premio –único valor que ten– resentiríase rápidamente. Nun premio literario de puro prestixio compre rexirse por normas éticas moi serias, pois do contrario o valor do premio esmigállase de contado.

Mándoche o enderezo que me pediches, que é este:

Joaquina Conde, viuda de Silvio Santiago

Plaza de Orense, 9 -1º, La Coruña

Apertas nosas para todos

Ramón

2.4. Carta a Pilar Cayón Fernández.[18]

Compostela, 2-II-1961

Querida amiga Pilar:

Recibí tu carta. Ya sabía por Celestino que estabas animada a venir el día del homenaje a Luis. Tan pronto como esté señalada la fecha te la comunicaré. Creo que resultará muy bien. Les falta solamente la autorización del Rector, para celebrarlo en el Paraninfo. El homenaje está promovido por los jóvenes poetas universitarios (Arcadio López Casanova, Marina Mayoral, Jorge Ricoy, Francisco J. Carro, Salvador García-Bodaño), lo que le da un carácter altamente simpático. Yo los trato mucho a todos ellos y te puedo asegurar que sienten unha honda devoción por la poesía de Luis. El lucense Arcadio López Casanova, que no llegó a tratar personalmente a Luis, fue el que más entusiasmo puso en la organización de este homenaje. También la mindoniense Marinal Mayoral –una jovencita de gran sensibilidad y mucho espíritu –tiene vivo interés en el homenaje. Y lo mismo el compostelano Salvador García-Bodaño, a quien le premiaron en la Coruña un hermosísimo poema dedicado a Pimentel. Y todos los demás.

En este homenaje hablará Filgueira Valverde. Los chicos habían pensado inicialmente en Celestino, después de Cunqueiro y por fin tuvieron que designar a Filgueira, porque Moreno Báez quería que fuese un

[18] Dona de Luís Pimentel

catedrático el que hablase. Filgueira lo hará bien, estoy seguro.

Como ves, todos los poetas gallegos jóvenes sienten entusiasmo por Luis. Este entusiasmo seguirá.

Mandé a *Ínsula* una reseña de *Barco sin luces.* Supongo que no tardará en salir.

Ya te tendré al tanto de todo lo relativo al homenaje.

Saludos de Isabel y muy cordiales de tu buen amigo

Ramón

P.D./ Arcadio López Casanova tenía pensado publicar un artículo en *El Progreso* reclamando el homenaje que Lugo le debe a Luís, pero ya se que se le adelantaron los del Círculo de las Artes.

Le mandé un ejemplar de *Barco sin luces* al poeta argentino Víctor Luis Molinari y él me mandó a mí un artículo sobre Luis. Se publicará en *La Noche* y ya te lo mandaré. También me mandó un poema de adhesión al homenaje que leerán allí.

2.5. Cartas a Rafael Dieste:

Compostela, 30-VI-1971

Querido Rafael:

Coido que terás no teu poder copia da proposta que o Filgueira, o Carballo e mais eu enviamos á Academia con miras á unificación morfolóxica da lingua, proposta que se discutirá na sesión do día 4.

Unha copia desta proposta démoslla a Isidoro Millán –académico electo e competente lingüista–, quen, despois de téremos enviado a nosa proposta á Academia, suxeriu unhas modificacións moi interesantes ao texto da Norma 2. Pedinlle que as formulase por escrito e prometinlle cursalas oficialmente, pois con toda sinceridade penso que acraran, precisan e melloran o texto da nosa proposta nese punto concreto.

Como conoces o texto da proposta e non o da enmenda de Millán, coidei interesante enviarche unha copia, por si consideras oportuno pronunciarte sobor do seu contido. A min paréceme que a distinción entre os procedentes de -ile e os procedentes de -bile é acraradora; que nos primeiros, efectivamente, é a posición do acento a que regula a formación do plural; que nos segundos –o mesmo que ocurríu cos grupos PL-, CL-, FL- inicial –producíronse históricamente tres solucións: *-bel, -bre, -ble*. E que, o máis prudente, dende o punto de vista "lexislativo" académico, é non forzar normas ríxidas. Nesta etapa inicial da unificación compre proceder con

discreto eclecticismo e agardar a unha etapa máis avanzada do desenvolvemento literario da lingua para dar normas máis definitivas. Por eso me parece atinada a enmenda do Millán.

Como ves, o problema da lingua vai cobrando importancia crecente. Boa falta fai.

Unha forte e cordial aperta do teu amigo

Ramón Piñeiro

OBSERVACIÓNS ÁS NORMAS

2. Na norma 2, adhírome ás dúas primeiras frases, e, a seguida delas, propoño:

"Os polisílabos sustitúen, xeneralmente, *-l* por *-is*: *casal, casais; animal, animáis; papel, papéis; cadril, cadrís; español, españois; azul, azúis.*

Mais no caso dos adxectivos polisílabos do galego actual correspondentes aos do latín en -ilis e -bilis, e que, polo máis común fóronlle tomados en préstamo tardeiramente por vía culta, obraráse da segunite forma:

a) Nos porcedentes do latín -ilis, que teñan dado íl oxítono, o plural ateráse ao patrón de *cadril, cadrís* e diráse: *civil, civís; febril, febrís; xentil, xentís; pueril, puerís; hostil, hostís.* Cando, pola contra, o final *-il* non leve acento, o plural acomodaráse ao patrón do latín, e diráse: *áxil, áxiles; fácil, fáciles; fráxil, fráxiles; hábil, hábiles; débil, débiles; estéril, estériles; útil, útiles.*

b) Nos procedentes do latín –bilis (amabilis, horribilis, inmobilis, solubilis), incorporados os máis

deles, como semicultismos, aos idiomas hispánicos no intre renacentista, distínguense tres axeitamentos en galego: 1) o primitivo, de perduración da vocal postónica e perda da final, que se consolidou no portugués: *amável, horrivel, imóvel, solúvel*; 2) interrumpida a continuidade do galego escrito e esmorecidos estes adxectivos na fala viva, no periodo postrenacentista, pasaron a ela, ás veces, con perda da postónica, cal no casatelán, propendéndose a trocar en -BR- o grupo -BL- resultante, refugado pola base articulatoria, asegún a analoxía de dobre: por exempro, *nobre, endebre*, e ainda *amabre, posibre*, e formas semellantes; 3) na época actual, rexurdida a lingua escrita como vehículo de pensamento abstracto e de cultura, aconséllase o uso destes adxectivos, cando se fagan precisos co grupo secundario -BL-, conforme á analoxía dos cultismos da Norma 5: *amable, horrible, inmoble, soluble.*

Non embargantes, permítese e recoméndase a conservación das solucións 1) e 2), nos casos en que veñan respaldadas polo uso popular xeneralizado ou dos bós escritores: por exemplo, *nobre, endebre*, e outros.

***

Compostela, 12-VII-1972

Benquerido Rafael:

Andabamos a voltas coa idea de nos xuntar co Fermín Penzol en Vigo, na sua Fundación, para celebráremos de maneira sinxela e cordial o seu retorno a Galicia con motivo da xubilación.

O Cilistro apuntaba a data do 22 como acaída para eles, que tiñan que se trasladar desde Lugo a Vigo. Mas, nos mesmos días en que nós falabamos en Sada do libro galego o Fermín estaba en Santiago nas mans dos médicos, que lle diagnosticaron un tumor de vexiga –nada sabemos aínda da sua benignidade ou malignidade– e mandárono a Barcelona para ser operado. Con este motivo, o plan da xuntanza viguesa quedou anulado. Tratábase de lle entregar un libro feito para el –que tantos libros nos entregóu a todos–, e decidimos entregarllo de contado e sin xuntanza algunha. Por ser o máis amigo, eu mesmo llo entreguei en nome de todos.

Xa está internado no sanatorio. Eu falei con el por teléfono e atopeino sereno e animado. Coido que o operarán nestes días. Aínda temos a espranza de que se trate dun tumor benigno.

Eu aínda non falara contigo da xuntanza viguesa –en realidade só tiña falado con catro ou cinco persoas–, mas por si algunha destas persoas che falóu, por eso che quero espricar todo o ocurrido. Agora, en lugar de pensáremos en organizar a xuntanza viguesa estamos agardando novas de Barcelona.

Teño ganas de botar unha parrafada contigo. Calquera tarde que me cadre axeitada achégome ahí e chámote.

Saúdos a Carmen e de Isabel para os dous. Para ti unha forte aperta de

Ramón

***

Compostela, 28-III-1973

Querido Rafael:

Resulta que a "Iª Mostra de Teatro en Galego" celebrarase en Ribadavia a mediados de maio –coincidindo coas datas próximas ao día das Letras Galegas–. Pensei que os amigos de Ribadeo que concurrirán alí co "A fiestra valdeira", teñen tempo de asimilar as indicacións que lle queiras facer para mellorar a representación. Eles estimarancho ben, como é natural. Son rapaces novos, cheos de entusiasmo e de boa vontade.

Unha aperta forte e cordial do teu amigo

Ramón Piñeiro

***

Compostela, 2-IV-1973

Querido Rafael:

O meu amigo José Luís Abellán acaba de me escribir decíndome que vai vir tres días a Santiago para tomar parte nun "Coloquio de folósofos jóvenes" que este ano se celebrará eiquí os días 15-16-17 deste mes. O José Luís Abellán é profesor de Historia da Filosofía Hispanoamericana na Universidade Autónoma de Madrid e autor de varios libros interesantes relacionados coa sua especialidade. Entre as cousas que quere levar a cabo neste viaxe a Galicia figura unha entrevista contigo, e pídeme que a concerte eu. Como nunha ocasión en que coincidimos os dous en Toledo xa me falara

de ti, sei pouco máis ou menos o que che quere pedir. Trátase desto:

Andan a preparar unha Historia da literatura española no exilio, entendendo o conceito "española" na sua pluralidade real: castellana, galega, catalana, euskérica. Para a galega déronlle o teu nome, e pensa pedirche esa colaboración. Tamén quere, con tal motivo, conocerte persoalmente. Por eso non che escribíu nin se valeu de ningún intermediario, pois como tiña que vir a Galicia quería aproveitar a oportunidade para te conocer.

Dos tres días de permanencia en Galicia, o primeiro –o domingo 15– estará ocupado. Os días 16 ou 17 desexa entrevistarse contigo, estando disposto a ir á Coruña para o encontro.

Eu anticípoche todo esto e dentro de algúns días chamareite por teléfono para nos poñéremos de acordo.

Unha forte aperta do teu amigo

Ramón

2.6. Cartas a Manuel María:

Santiago, 18-4-1951

Meu querido amigo:

Recibín fai tempo a tua carta. Dende entón xa fun e voltei de Vigo e trouxen o teu Advento, que che levarei en canto vaia aí. Estiven un día con Cuña, que me dixo que che iba a escribir un d-istes días. Tamén Paco recibíu carta túa e pensa escribirche, soio que ista tempada está amolado con unha doenza alérxica que sempre o ataca nas primaveiras.

Xa saberás que traen a Olano pra *La Noche*. Coido que virá en Maio.

O primeiro número de *Cuadernos* xa está impreso i-están agardando a que chegue o libro de Cabanillas pra lanzar os dous á rúa. A min inda non mo mandaron, mais conto recibilo n-ista semán. O segundo número irá dedicado á pintura galega, que iste ano está de aitualidade por mor da exposición de Bos Aires. Por certo que istes días están os pintores a rematar os preparativos.

Agradézoche moito que lle me entregues ista carta adxunta a Ánxel Xohan, pois eu non sei as súas señas pra mandarlla direitamente a il. Canto máis axiña lla entregues, millor é.

Os de 'Benito Soto' xa publicaron a *Musa Alemá*. Agora coido que van publicar un libro de Leal Insua.

Unha aperta do teu amigo

Ramón

***

Compostela, 27-4-53

Querido Manoel María:

Recibín a tua carta felicitándome pol-o da Academia. Agradézoche a felicitación pol-o que ten de refrexo da túa natural cordialidade, inda que o motivo, n-iste caso, non pode ser máis intrascendente. Xúroche que non hei de caer na tentación de poñer, debaixo do meu nome, "de la Real Academia Gallega". Estou de acordo contigo en que ise "Real" organismo percisa de alento vivificador. O que xa non atopo tan atinado é que imaxines que a miña hipotética incorporación ó grupo nada reducido, por certo, dos numerarios, podería influir pouco nin moito na vida asmática da Academia. Outros contemporáneos meus xa che están dentro, i-eu vexo que máis ben foxen de alí pra que non-os coma a cousa. Cando comencedes a chegar a ela vós os que agora sodes rapaces, que coincidirá co-a desaparición dos fósiles que hoxe abundan n-ela, será cando verdadeiramente se renovará o pulso da nosa Academia. Mentres, o único bó que se pode facer é traballar, canto máis e máis seriamente, millor, e non preocuparnos moito d-ela.

Hoxe mesmo falei co Borobó. Facía moito tempo que non-o vía, porque estivo na cama co gripe. Pergunteille

pol-a xestión que che prometera facer e díxome que inda non tivera boa ocasión por mor da sua doenza, mais semella disposto a cumprir a promesa.

Xa soupera de voso viaxe conxunto a Vilalba porque veu a noticia nos xornás. Alégrome moito de que o pasedes tan animadamente como vexo que o ides pasando.

Novoneyra está eiquí, mais está hospitalizado e moi poucas veces o vexo. Teño no meu poder o seu libro *Os Eidos*, que é, pra o meu ver, un libro verdadeiramente fermoso.

Inda non vin a antoloxía de Varela Jácome. Vexo que ti xa a conoces e témome que teñas razón nos xuicios que fas, inda que o ton correspóndase co-a fogaxe propia dos mozos.

En xeneral, tanto en Galicia como en Portugal fixeron xuicios semellantes ós teus no tocante *á Escolma de poesía galega*. Quizáis teñas razón ó botar de menos unha meirande mostra de poesía de escarnio e maldicer. Ten en conta que ise é un mal caraiterístico de todal-as antoloxías que se fixeron. Pol-a nosa banda, temos mentes de o reparar oportunamente e adicarlle ó tema toda a importancia que ten de seu.

O libro de Fole sairá axiña e quedará moi ben. Estou moi ledo co-a súa publicación.

Ocupareime de que recibas o exemprar de Vamos que acaba de saír.

Unha aperta moi forte do teu amigo

Ramón

***

Compostela, 24-XI-1953

Querido poeta amigo:

Recibín fai días a tua carta. Xa tiña conocemento do teu viaxe a Ourense e dos éisitos que alí tiveches. O primeiro en mo comunicar foi D. Ramón e dispois varios amigos meus de Ourense. Como é natural, alegreime moito de que tiveras tanto éisito, incruso ó tratares de un tema tan pouco familiar como os "esmaltes". Estou seguro de que ise teu contaito cos rapaces de Ourense repetirase e alongarase a outros pobos de Galicia sempre co mesmo éisito. Xa sabes que os poetas sempre atopan amigos en todas partes.

Xa estarei ó tanto de todo o tocante ó concurso poético do Ano Santo. Cando se teñan noticias certas, escribireiche de contado con detalles concretos.

Non podo crer que os teus pulos poéticos afoguen en prosa xurídica. Inda que leves tempo sin ganas de escribires versos, cando menos o penses poñeraste a escribir un libro novo. Pol-o de pronto xa é un bó sinal que teñas o proieito de facer o "Poema do Pórtico da Groria" pra engadir ó "Poema a Compostela".

Coido que o traslado a Lugo do gran poeta do Caurel será pra ti un bó motivo de ledicia, xa que, sendo como sodes os dous poetas novos de máis folgo lírico que temos en Galicia, a convivencia que xa comenzárades no servicio do Rey será estimulante pra os dous. Sobre todo agora que afrontades o conquerimento da "independencia económica" por camiños alleos ós da poesía, como é inevitabel e máis aínda nistes tempos. Agora teredes que pasar por isa nova "Parga". Igual que soupéstedes sobrepoñervos alí, tamén eiquí vos habedes de

sobrepoñer sen dano pra o voso alento poético. Xa verás como o teu pesimismo ha de ser momentáneo.

¿Que tal vai o “Cancioneiro do Caurel-Xistral”?

Unha aperta moi forte do teu bo amigo

Ramón Piñeiro

***

Compostela, 21-1-54

Meu querido amigo:

Acabo de me enterar de unha boa noticia que che quero comunicar de contado. O Centro Galego de Bos Aires acordou editar algúns dos libros premiados alá, i-entre os escollidos pra seren publicados figura o teu libro de versos. Como podes supoñer, eu alégrome moito de que o editen.

¿Que tal vai o teu "Poema do Miño"? Sería unha pena que non tiveras folgos dabondo pra lle dar unha perfeición formal a tono coa grandeza do tema. Ben sei que o pulo emocional non che ha de faltar, mais niste caso non abonda con soio a emoción. Compre que o poema teña o ritmo solemne e tranquilo, quizáis monótono, do Miño mesmo no seu decorrer, e isto non-o acadarás sin o concurso da forma.

Inda non che enviei o libro de D. Ramón que me pediras cando estiven ahí. Ando bastante atafegado e vai pasando o tempo sin poder atender a certas peque-

nas cousas que teño pendentes, entre ilas o teu encargo. Calquera día mándocho.

Unha aperta moi forte do teu amigo

Ramón Piñeiro

***

Santiago de Compostela, 30-V-66

Benquerido Manuel María:

Acabo de recibir a tua carta. Certamente que estiven ahí unhas horas co matrimonio Prada. Ibamos de Ourense pra Lugo e fomos por Monforte pra xantar co Cesáreo. Fomos direitiños á sua casa e somentes saímos uns momentos pra ver o castelo –fomos no coche–. Tanto o Cesáreo, como o Prada, como eu tiñamos interés en che telefonear. O que ocurríu foi que a Cristina preparounos un xantar bastante mellor que os que papaba o Conde de Lemos e demoramos nil todo o tempo que merecía, que era moito. Logo viñeron uns familiares do Prada e, como é moi natural, animáronse nunha conversa familiar. Resultado: cando nos decatamos era moi tarde e tiñamos que saír pra Lugo sin perda de tempo, pro o Prada considerou obrigado que entraramos na casa dos seus parentes, cousa que fixemos, e alí fixéronnos merendar. Cando chegamos a Lugo atopámonos con que non había hotel onde aloxar ao matrimonio Prada. Menos mal que habilitaron unha habitación no desván do Paramés e puideron quedar alí. Como ise día ibamos unicamente a xantar co Cesáreo, o Prada tiña mentes de que volveríamos outro

día a Monforte, pois tiña interés en te ver e, ademáis, quería xantar cos seus parentes. As cousas complicáronse e non se puido realizar ise programa.

Comprendo ben o incómodo que che resultará ter obra inédita nun caixón e na cabeza. A min pásame o contrario: non teño tempo nin acougo pra escribir. Tamén eso é incómodo, pódesmo crér. Por unha cousa ou por outra, todos tropezamos con dificultás. Pero falemos da tua obra que é, en realidade, o que a ti che interesa. Eu tiña enviado a Vigo, hai tempo, Os alugados, con destino ao Grial. Logo recibín a derradeira narración que me enviaches, que tardei moito tempo en poder ler porque tuven demasiadas ocupaciós, entre elas numerosos viaxes. Agora mesmo estou preparando un viaxe de 3 meses aos EE.UU. Pero, como che decía, tardei en ler a tua terceira narración. Atopo que é máis froxa que as anteriores, sin apenas interés. Cando pubricamos a primeira, pasouche o que a Celso Emilio cos seus versos, recibiches felicitaciós por motivos extra-literarios. Sin duda que eso te animou –cousa, por outra banda, moi humana– e acentuaches os motivos de tal tipo de aprobaciós ao escribires a nova noveliña. Na miña opinión é literariamente moi feble, inda que seña ideoloxicamente máis socialista. Pra incluir nun libro non resulta.

Como eu estarei fora deica mediados do setembro, a peza teatral de que falas pódeslla enviar a Paco por si resulta oportuna pra algún dos números próisimos do *Grial*.

¡Feliz ti, querido Manuel María, que tes tempo pra maxinar i escribir obras e máis obras!

Saúdos garimosos pra os dous de toda esta familia.
Pra ti unha forte e cordial aperta do teu amigo

Ramón

P.D.: Aínda non vin o libro do Novoneira.

***

2.7. Carta a Manuel Meilán.[19]

Compostela, 21 de xaneiro de 1964

Sr. D. M. Meilán
Montevideo

Meu querido amigo:

Recibín a súa carta. Tamén eu lle desexo, pra vostedes i os seus, un ano cheo de venturanzas, e, de paso, confiemos en que o novo ano seña xeneroso pra todos.

Sí, recolleuse o moblaxe de doña Gala i está depositado nunha casa en Padrón en agarda de o poder instalar no Museo. O amigo Mosquera fai con nós o mesmo que con vostedes: escúdase na saúde pra ir alongando a situación. Penso que xa chegóu ó límite e que tardará pouco en facer crisis. Verdadeiramente agotouse todo o marxe posible de tolerancia coa súa alegada doenza dos nervios. O ambiente é cada día máis firme, dentro e fora do Patronato, no senso de non continuar máis tempo así. Xa empezan a atacalo públicamente.

---

[19] Manuel Meilán (1904-1994). Natural de Lugo, onde sendo aínda rapaz participou no congreso das Irmandades da Fala desta cidade. Emigrou a Arxentina en 1922 e alí participou en diversas institucións da colectividade galega e mesmo publicou diversas colaboracións nas revistas *Galicia* e *Céltiga*. Dende 1934 residiu no Uruguai, onde traballou coma redactor de *Raza Celta*. Tamén colaborou con *O Irmandiño* na primeira época e dirixiu temporalmente *Guieiro*.

Pola miña parte teño grandes desexos de que se acrare todo e se proceda á reorgaización do Patronato. Agardo poder verme libre desta preocupación no sucesivo. Xa se decata de que hai demasiado que facer nos eidos de Galaxia e da orientación da mocedade pra poder atender a máis cousas.

Por unha carta de G. Durán xa sabía da fundación do Patronato. Xa me decía que o nomearan segredario e amostrábase cheo de entusiasmo. Eu conózoo ben porque convivimos moi intimamente en situacións difíciles. Estou seguro de que fará un bo labor.

Na 'Penzol' siguen sendo segredario o Ramiro. Con todo, agora trasladóu del Riego o seu despacho pra alí e, con tal motivo, comenzóu a funcionar sistemáticamente. Están alí 4 licenciadas en Letras facendo o ficheiro dos libros e documentos. Mentres non rematen de fichar e crasificar todo non pode funcionar a institución en canto centro de estudo. De todolos xeitos, agora é cousa de pouco, porque avanzan a bo ritmo.

Os bispos de Galicia fixeron unha falcatruada tremenda na aplicación dos acordos conciliares en favor da liturxia en lingua vernácula, pois decidiron considerar como lingua "vernácula" de Galicia o castelán, o mesmo que si estiveramos en Burgos ou en Toledo.

Con saúdos pra todolos amigos, reciba unha forte e cordial aperta de

Ramón Piñeiro

***

2.8. Cartas a Eduardo Moreiras:

Compostela, 7-VI-1970

Sr. D. Eduardo Moreiras, Vigo

Querido amigo Moreiras:

Hai xa algún tempo que a sua filla me entregou o orixinal do seu libro de poemas *Os nobres carreiros*. Como nos parece un bon libro, decidimos publicalo. Confirmarame, xa que logo, os seus desexos de o pubricar en Galaxia.

O libro xa está en poder do Paco del Riego, que é quen lle dará realidade á publicación.

Perdoe que non lle teña escrito antes nin lle escriba máis de vagar. Ocurre que estou en vísperas de saír para os EE. UU. por unha tempada e eso ocasióname moitos atafegos apremiantes. Á volta xa falaremos.

Unha cordial aperta do seu amigo

Ramón Piñeiro

***

Compostela, 19-VI-1972

Querido Eduardo:

Acabo de recibir carta de Rodrigues Lapa agradecéndome un libro que lle mandei –*Sátira e invectiva en la España Medieval*–, de Kenneth R. Scholberg, que se refire frecuentemente á edición que fixo o Lapa das *Cantigas d'Escarnho e Mal-dizer*–, e na carta hai un párrafo que fala de ti. Práceme copiarcho:

"A propósito da Galiza: ando a ler, con muito interesse e até apaixonado alvoroço, o diário de Eduardo Moreiras, *Follas de vagar*. O homem e a paisagem galega resaltam de súas páginas impressionantemente verdadeiros. Apontei algúns pedaços, que são trechos de antologia. Quem é esse homem, onde mora, o que fez até aquí? Agradéço-lhe que me informe con abundancia".

Alégrome moito de che comunicar este xuicio do gran Rodrigues Lapa.

Unha cordial aperta do teu amigo

Ramón

Lugo, 22-XII-1973

Benquerido Eduardo:

En Santiago recibín a tua carta que moito agradezo. Emocionoume esa solidaridade silenciosa que nela se transparenta. Probas de amistade sincera como esta tua foron os únicos privilexios que teño acadado na vida. Sei ben que son os máis valiosos e non os cambiaría por nada.

Desde a capital do Alto Miño, na que siguen vivas

tantas e tantas lembranzas do noso común amigo Luís Pimentel, desexo para ti e para os teus unhas Boas Festas e as mellores venturanzas no novo ano.

Unha forte e cordial aperta do teu amigo certo

Ramón Piñeiro

Estes días vexo ao Fole, que está moi ledo porque vai saír un novo libro de contos que lle publican os de Castrelos. Tamén atopei na rúa ao caurelán Novoneira, que ten preparada unha segunda parte de Eidos.

***

Compostela, 1-IV-1974

Querido Eduardo:

Alegroume moito a tua carta, tanto porque nela se reflexa a tua leda emoción dediante de *Primaveira no Lor* xa editada como pola boa noticia de que escribiches unha novela de tema urbán, qeu estará lista para acudir ao concurso de Galaxia.

Sí, tense falado da "imposibilidade" dunha narrativa galega de tema e ambiente urbán porque a "nosa" burguesía urbana non fala galego. Persoalmente coido que semellante opinión é moi pouco fundada e padece o erro, tan frecuente na crítica contemporánea, de xuzgar os problemas da creación literaria con criterios superficialmente sociolóxicos. O escritor galego pode tratar todolos temas. Cunqueiro escribíu en excelente galego unha excelente narración "bretona". E Shakespeare expresa admirablemente en galego todo o tráxico mundo cortesán-feu-

dal inglés no Macbeth traducido por F. Pérez Barreiro. Na xente que fala de literatura e de arte bótase de ver unha verdadeira intoxicación intelectual de seudo-socioloxía que deturpa a comprensión do fenómeno literario e artístico no que teñen de pulo orixinal e creador.

Bon, os escritores de verdadeira persoalidade orixinal rematarán por facer pouco caso de tales andrómenas e seguirán adiante. Como fas ti.

Gracias pola tua carta. Unha forte aperta cordial de

Ramón Piñeiro

***

Compostela, 2-V-1974

Querido Eduardo:

Recibín o exemplar de *Poesía Galega Contemporánea*, cinguida escolma realizada polo González Garcés. A imaxe que nela se ofrece da nosa poesía contemporánea é, desde logo, dignísima. Os seis poetas que figuran no corpo da antoloxía son certamente imprescindibles, si ben, para que a imaxe fora máis completa eu engadiría a Amado Carballo, a Bouza Brey e máis a Díaz Castro. En todo caso, nesto das antoloxías cada un ten o seu criterio e o Garcés, experto na materia, ten direito a ter o seu. Ninguén lle poderá negar –nin discutir siquera– que os seis incluídos tiñan que ser incluídos. No tocante ao Apéndice, quizáis haxa mais marxen á discusión.

Gracias polo exemplar. Unha forte aperta de

Ramón Piñeiro

Compostela, 4-XII-1974

Benquerido Eduardo:

A proposta de que che falaba era para académico de Número, porque xa eres Correspondente. Por certo que para o artellamento reglamentario da proposta convíñanos saber o teu segundo apelido. Non deixes de me por unhas liñas comunicándomo.

Alégrame saber que estás con tan espléndido pulo creador. Unha novela rematada e un novo libro no tear son proba de fondo alento na tua pluma.

Claro que non é posible cadrar á man tenta os poemas cos relatos nese libro mixto de prosa e verso que estás a escribir. O que ocurre é que, ao levaren os poemas fasquía de xornal, quizáis poderás ensarillalos no relato sin demasiada discordancia. Ti tes un bo tino e salvarás ben as dificultades da empresa.

Unha cordial aperta do teu amigo

Ramón

***

2.9. Cartas a Luís Pimentel.

Madrid, 28-3-1943

Querido Luís:

Hace días te escribí recordándote que sin tener una copia del original no conseguiríamos el presupuesto para la edición de tu libro. Hoy te escribo de nuevo para hablarte del mismo asunto.

Muy pronto empezará a publicarse una nueva colección dedicada exclusivamente a la poesía que se llamará "Adonais". En ella tratan de recoger toda la producción nueva que por su calidad puede representar una continuación del movimiento poético anterior a la guerra. Se iniciará con un libro de un poeta andaluz llamado Morales. Uno de los inspiradores de la colección es Vicente Aleixandre. Como ellos mismos se encargan de la edición de las obras y como la orientación de la colección responde a un criterio de pura selección literaria, considero que sería un medio bastante aceptable de publicar tu libro incluyéndolo en la colección. Si tú compartes esta opinión podría tratarse el asunto. Yo estoy invitado por unos amigos míos de San Sebastián a ir dentro de unos días a ver a Aleixandre y en esa ocasión procuraré informarme más detalladamente de los proyectos que tienen para el caso de que puedan interesarte.

Recuerdos a Fole y a Celestino y un abrazo para ti de tu amigo

Ramón Piñeiro

***

Compostela, 28-10-1954

Querido Luís:

En Vigo atopeime fai catro días co poeta Manuel María e deume algunhas noticias de todos vós. Pol-o menos sei que seguides vivos.

Hoxe escríboche para te informar do seguinte: o Centro Galego de Caracas acordou adicar un número extraordinario da sua revista a Otero Pedrayo. Será un número-homenaxe no que participarán escritores portugueses, galegos e castelás, cada grupo na súa língoa. Os organizadores do número enviáronnos xa a lista de colaboradores, na que ven incluído o teu nome. A serie dos médicos é bastante ilustre: Marañón, Rof Carballo, García Sabell e máis ti.

Desexan ter todos os traballos listos no mes de novembro. Como non son cousas longas, pódeselles complacer. Ti perteneces, naturalmente, ó grupo dos colaboradores en língoa galega. Xa sabes que podes dispoñer libérrimamente da miña axuda, caso de que a precisares.

O libro de Novoneyra xa está, por fin, na imprenta. Conto que salia neste ano 1954.

O teu amigo Souto vai expoñer na Habana e logo virá pasar unha longa tempada a Galicia, pois quer ver a sua paisaxe nativa, que recorda –según di– co mesmo detalle e viveza con que recorda "a cara do seu pai". Non perderá o contacto con México, onde ten, pol-o visto, espléndido mercado para os seus cadros.

Lin duas conferencias de Xesús Bal. Nunha delas fala de ti e de Evaristo Correa, lembrando a fundación da revista *Ronsel*. A outra trata do "alalá" e máis da "muiñeira" como cara e crus de espiritoalidade galega.

¿Fixeches moitos poemas novos?

¿Cando pubricaremos en Galaxia un libro teu de poemas galegos?

Unha aperta moi forte do teu amigo

Ramón Piñeiro

***

Compostela, 11-XII-1954

Meu querido Luís:

Recibín o teu poema. Quérome apresurar a decirche que é realmente bó. Que eu seipa, é o millor poema que nunca se fixo sobre Rosalía. Refrexa unha visión sutil, finísima, da imaxe espiritoal de Rosalía ¡Que gran pena que non te animes a publicar un libro de poemas galegos! Causaría unha gran sensación. E agora que o enemigo Aparicio e outros tan poderosos coma íl teñen teima con perseguir o noso idioma, os poetas –sobre todo

os bós poetas– sodes quen millor o pode defender. Un libro de poemas galegos de Pimentel tería máis importanza e máis trascendencia en defensa da língoa galega que todas cantas medidas restrictivas e prohibitivas poida aplicar Aparicio.

Non deixes de pensar nisto, pois sendo como eres o máis alto poeta que hoxe alenta en Galicia, a tua voz non pode permanecer muda diante da persecución do idioma. Os verdadeiros poetas –que hai poucos, moi poucos– tedes o don divino de que a vosa palabra podes destruír por si sola todal-as ruindades das xenreiras políticas.

Eu pensaba todo isto baixo a forte impresión emotiva que me produxo a leitura do teu poema. Por iso cho digo.

Xa sabes que, no meu pasado, fíxose unha última xestión en Madrid para sacar o número de Ínsula adicado ás letras galegas, que estaba estancado na censura. O enemigo Aparicio negouse rotunda e categóricamente. Como eu irei pol-o Nadal, xa falaremos longamente.

Unha aperta moi forte do teu amigo

Piñeiro

2.10. Cartas a Claudio Rodríguez Fer e Carmen Blanco.

Compostela, 13-VII- 1979

Benqueridos Carme e Claudio:

Acaba de chegar a vosa postal salmantina e levamos unha grande alegría ao saber que as oposicións vos van ben. Confiamos en que seguirán indo ben deica o final porque vós sempre tomástedes en serio a carreira e tedes unha preparación pouco común. Certo que nas oposicións pode intervir o azar en favor ou en contra, pero estou seguro de que a vós tenvos simpatía.

Estes días tiveron aquí uns cursos para profesores e viñeron tomar parte neles o Carlos Peregrín Otero, o Francisco Rico e máis o Gonzalo Sobejano. Quedaron encantados co Peregrín.

Coido que no próximo consello de ministros aprobarase o decreto de bilingüismo para Galicia, que comenzará a aplicarse no próximo curso.

Alégranos saber que axiña vos veremos por aquí. Celebraremos xuntos o voso éxito ¿non si?

Unha forte e cordial aperta de

Ramón

***

Compostela, 12-IV-1981

Benquerido Claudio:

Ímoslle adicar o próximo número de *Grial* ao Álvaro Cunqueiro. Sería ben que ti ampliaras o teu artigo sobre a poesía cunqueiriana aparecido no Suplemento da *Voz* e comentaras o conxunto da súa obra poética ¿Paréceche?

O malo, como sempre ocurre nestas cousas, é a premura de tempo. Convíñame telo antes de maio. Para ganar tempo, pódesllo enviar directamente a Paco del Riego –c/ Dr. Canaval, 32-4º–.

A morte sigue roldando a nosa cultura. Oito días despois de enterráremos ao Álvaro en Mondoñedo, peregrinamos a Castropol para enterrar a Fermín Penzol. Resulta demasiado para poder conservar a serenidade do ánimo.

Apertas para os dous

Ramón

***

Compostela, 11-XI-1983

Benqueridos Carmen, Claudio e Mariña:

Recibín a vosa carta que nos alegrou moito aos tres. Tiñamos noticia do nacemento da nena e de que tiverades bastante atafegados, porque nos informou Matilde das preocupacións maternais de Carme e de que estive-

rades moi ocupados. Desde logo, antes de nada queremos darvos os parabéns polo arrequecemento familiar e esperamos coñecer axiña á naipela.

Agradezo de corazón a vosa felicitación pola elección para presidir o Consello da Cultura. A pura verdade é que fixen o posible por non ser do Consello debido a que teño xa demasiados compromisos –e non poucos anos–, pero non o puiden evitar. Ao cabo, terminei de presidente. Trátase dunha institución independente e sin funcións de goberno, pero que ten a responsabilidade, establecida no Estatuto, de se ocupar da conservación e promoción da nosa cultura. Tratarei de cumplir a responsabilidade que se me encomendou o mellor que poida.

O libro dos *Cinepoemas* espero lelo o domingo si non xurde algunha complicación, porque levo unha tempada sin acougo.

Como vexo que escribides desde Lugo eu tamén vos escribo ahí. Apertas nosas para os tres

Ramón

***

Compostela 8-III-1985

Benqueridos Claudio e Carmen:

O húmero escachado xa empezou a soldar, eso si, axudado por anelos e cravos metálicos que terman del. A man, como vedes, comenza os primeiros tanteos para escribir de novo, inda que polo de agora está moi atari-

ñante. Pero é cuestión de tempo, pois o proceso xeral da recuperación vaise producindo normalmente.

Graciñas polo libro e pola separata. Cando mellore o tempo teredes que vir os tres pasar un día con nós.

Apertas nosas para os dous e bicos para Mariña:

Ramón

***

Compostela, 14-XII-1986

Querido Claudio:

O primeiro número de *Grial* do novo ano queremos adicárllelo ó Celestino e mais ó Fole, os dous queridos amigos que sempre botaremos en falta. Por seres ti, ademáis de lugués como el e amigo devoto por el correspondido, un dos máis serios estudiosos da sua obra literaria, queremos que nese número non falte a tua colaboración. Podes tratar o tema que queiras. O único problema é que nos compre ter os orixinais a mediados de xaneiro, quer decir, dentro dun mes. Como cadra coas vacacións escolares, confío en que disporás de tempo para escribilo.

Aínda non sabemos si poderemos ir a Lugo agora no Nadal. Si imos farei por vos ver.

Apertas garimosas para os tres de

Ramón Piñeiro

Boas festas de Nadal e feliz Aninovo.

2.11. Cartas a Pilar Vázquez Cuesta.

Compostela, 13-II-71

Querida Pilarín:

Chegoume a tua carta cando eu marchaba a Coímbra, pois tivemos alá unha Semana Cultural Galego-Portuguesa patrocinada pola Universidade e máis pola Academia Galega. Organizárona con motivo da aparición da segunda edición das *Cantigas de Escarnho e de Mal Dizer*, preparada por Rodrigues Lapa. Portugueses falaron o propio Lapa, o Orlando Ribeiro e máis o Piel (portugués, ou mellor, galego-portugués *honoris causa*), e galego o Carballo Calero e máis eu, porque o Lorenzo, que o tiñan incluído, non puido ir. Con tal motivo houbo tamén unha exposición do libro galego, que resultóu ben e producíu bastante sorpresa. Tiven ocasión de conocer persoalmente ao Cintra, cousa que me alegróu moito.

As novas que me dás relativas á experiencia das tuas aulas galegas énchenme de alegría. Coido que ten unha positiva importancia o feito de que ahí os poñas en comunicación direita co noso mundo cultural. Dime si tú persoalmente precisas algunha cousa de eiquí. Por exemplo, hai uns meses sacamos a *Gramática Gallega* de Marcial Valladares, que estaba inédita. Non sei si a tes ou si che interesa (está datada, no manuscrito, en 1892).

Cando teñas os materiáis poéticos de Curros pódesmos mandar pra o Grial. Non deixa de ser interesante publicalos.

Agradézoche moito a xentileza de pensares en min pra ise Colóquio lisboeta encol da Xeración do 70. Ora, teño que che confesar honestamente que non só non son especialista nesa Xeración literaria senón que son pouco conocedor dela. Por eso é moito máis prudente que non inclúas o meu nome. Repito que che agradezo moi sinceramente que pensaras en min, pro a verdade é que non estaría xustificada a miña presencia no Colóquio (salvo como ouvinte para aprender). Pensaba escribirche antes niste sentido, pro ao voltáremos de Coimbra apañéi unha gripe e tiven que gardar cama e, oito días de ausencia en Portugal e oito días de cama coa gripe, complicáronme sobexamente o traballo.

Levei disgusto coa oposición do Lorenzo. Foi pena que il non aituara con máis pulo inicialmente. De certo que ten poucas condicións temperamentáis de opositor. Sentino moito. Menos mal que non veu moi desanimado.

Xa hai ben tempo que non imos por Madrid. Cando vaiamos chamarémoste pra botáremos unha boa parrafada.

Apertas de Isabel e miñas pra vós as tres

Ramón

P.D.: Non sabía que Dona Emilia tiña tanto entusiasmo pola cultura portuguesa. Interesoume o teu traballo.

***

Compostela, 31-I-72

Benquerida Pilarín:

Acabo de recibir a tua carta e mais as fotos, lembranza da tua visita primaveral a Compostela. Dareille unha das copias ao Carro cando veña por eiquí.

Hoxe estará ahí o Carballo iniciando o seu concurso. Confío en que non haberá grandes dificultades para el, porque ten obra, ten preparación, ten dotes expositivas e vai ser xuzgado por un tribunal solvente. Nesas condicións, a cadeira debe de ser para el. Eu irei ahí cando sexan os exercicios, que supoño serán dentro de dez días, así que xa nos veremos.

Dende logo que no *Grial* publicaremos un comentario sobre a tua *Gramática*.

A cifra de estudiantes de Literatura Galega é realmente notábel. De seguir así –en Barcelona tamén son moitos– dentro de algúns anos a xente culta irá tendo unha idea máis real da cultura española e da sua pluralidade.

Hoxe recibín unha mensaxe do Celso Cunha reclamando os derradeiros números do *Grial*.

O xoven poeta que coñeciches eiquí na casa chámase Salvador García-Bodaño e é autor dun libro editado na colección Salnés que se titula *Ao pé de cada hora*. Si queredes establecer contacto con el, o enderezo é este: Calderería, 50 -Santiago de Compostela.

Sei que hai eiquí un grupo teatral de rapaces que están en contacto co Carro. No caso de que che interesen detalles sobre o particular, podémoslle preguntar a este.

Bon, xa falaremos de todo esto dentro de pouco.

Saudades nosas para tua nai e mais a Paloma. Para ti unha cordial aperta dos teus amigos

Isabel Ramón

***

Compostela, 18-VI-76

Querida Pilarín:

Recibín a separata da tua comunicación ao X Congreso de Lingüística y Filología Románica, na que tomas por base a *Maxina ou a filla espúrea*, de M. Valladares.

Agradézoche de veras a xentileza de me mandares a separata. Ben sabes que todas as tuas cousas me interesan, e as de tema galego de maneira moi especial.

Este inverno non tiven ocasión de ir por Madrid, así que non puiden botar unha parrafada contigo. Espero que ao estares en Salamanca teremos máis ocasións de nos ver.

Saúdos de Isabel e meus para as tres. Para ti un cordial abrazo de

Ramón

2.11. Cartas a Carlos Zubillaga Barrera.[20]

Presentación

por Carlos Zubillaga Barrera

A comienzos de la década de 1960 se constituyeron en Buenos Aires y en Montevideo sendos núcleos de jóvenes descendientes de gallegos que asumieron una modalidad institucional similar: la *Asociación Argentina de Hijos de Gallegos* (en la que actuaron Antonio Pérez Prado, Ricardo Palmás Casal, Elsa Fernández, Alberto Abalos, Pepe Reinoso, y cuyo primer profesor de lengua gallega fuera Eduardo Blanco Amor) y la *Asociación Uruguaya de Hijos de Gallegos* (a la que me integré, y que centró su primer actividad en un seminario sobre *Sempre en Galicia* de Castelao). Las dos Asociaciones mantuvieron frecuentes contactos y se abocaron a emprendimientos comunes (conferencias, exposiciones, acciones de reivindicación lingüística, ediciones). La argentina publicó en 1962, en su sello editorial "Alén Mar", *Dos Ensayos sobre la Saudade* de Ramón Piñeiro, en versión castellana de Celestino de la Vega. Fue precisamente este acercamiento a la obra de Piñeiro, que pretextó mi primer contacto epistolar. El nexo –diría más bien, el incitador– fue Antonio Pérez Prado (médico argentino bautizado en Galicia, amigo entrañable y

[20] Carlos Zubillaga Barrera foi o coordinador do Instituto de Ciencias Históricas e director do Departamento de Historiología en Montevideo

ensayista finísimo), quien una y otra vez me escribió sugiriendo ("exigiendo") la comunicación con Piñeiro. Desde su radicación en Inglaterra (más precisamente, en Sheffield), donde acrecentaba su formación como hematólogo, Antonio me instaba: "Insisto en mi pedido: tienes que escribir hoy mismo a Piñeiro, contarle nuestra charla montevideana y entrar así, súbitamente, en ese mundo del que formas parte ya. Es necesario que cuenten contigo y es necesario que tú pases a formar parte viva del sistema cultural gallego". Un tanto temeroso por lo que consideraba una relación epistolar asimétrica, demoré en atender el reclamo de mi amigo argentino. Pero Pérez Prado no cejó: "Le has escrito a Piñeiro? Es preciso que lo hagas cuanto antes. [...] dile de tus proyectos, opiniones y esperanzas. Yo iré por Galicia el año que viene y quiero que entonces tú estés –como un recuerdo y como un amigo epistolar, al menos– en las sabrosas charlas que me prometo con Ramón". Tanto empeño tuvo por fin su reconocimiento, y un día me decidí a escribirle a Piñeiro, valido de un pretexto: hacerle llegar el boletín de la *Asociación Uruguaya de Hijos de Gallegos* (que se llamaba "Nós") y un ejemplar de mi breve poemario *Para la tierra presentida* (que prologara el argentino Víctor Luis Molinari).

La respuesta de Piñeiro me anonadó: un generoso juicio sobre mi producción, acompañado de un itinerario virtual por esa tierra presentida desde la lejanía rioplatense, en cuyo recorrido se ofrecía como humilde cicerone. Todo ello en el marco de una comunicación cordial, como de viejos amigos, que acicateaba la continuidad del vínculo, incorporando ciertas señas de identidad compartidas. A partir de esa carta fechada en Compostela el 20 de marzo de 1965, durante diecisiete años intercambiamos sin regularidad cronológica (a veces mediando

largos períodos de mutuo silencio) misivas de naturaleza y extensión variables. Para mi tarea en torno a los temas y a las inquietudes de la vida gallega, realizada en un contexto no siempre propicio (pues la acción desplegada por la representación diplomática española hasta la muerte de Franco fue francamente hostil cuando no artera, frente a cualquier labor de entonación galleguista), esas comunicaciones con Piñeiro fueron algo así como el nutriente de un pensamiento crítico, que no por ello abandonaba la recuperación emocional de las raíces. No toda esa correspondencia me llegaba de Compostela; a veces Piñeiro aprovechaba sus "cruces del Atlántico" para hablar largo y tendido sobre la realidad peninsular y gallega, sin cortapisas ("Aproveito o estar aquí –decía en comunicación desde Middlebury, Vermont- pra lle falar con craridade da situación de alí; pois que eiquí non hai censura postal española").

Vinimos a conocernos personalmente recién en julio de 1980, en oportunidad de la visita que Piñeiro hizo a Montevideo, invitado por el Patronato da Cultura Galega de Uruguay para participar en las Xornadas jacobeas de ese año. A partir de entonces las comunicaciones epistolares adquirieron un cariz más personal (Piñeiro comenzó a tutearme, sin que lograra la recíproca porque me apocaba la distancia, no precisamente generacional), sin que se redujeran –empero– las sagaces apreciaciones políticas sobre Galicia y su destino autonómico.

Atesoré este puñado de cartas como un testimonio fervoroso de mis vínculos tempranos (tempranos para mí, se entiende) con la Galicia "interior", en años todavía cargados de incertidumbre. El reclamo de Luis Alonso Girgado vino a sacar de mi archivo esos testimo-

nios que, probablemente, ayuden a entender mejor la tenacidad de una prédica y las peculiaridades de su incidencia intergeneracional, lograda mediante una disposición al diálogo sin imposición magistral.

Montevideo, junio de 2003.

Compostela, 20-III-65

Compostela, 20-III-65

Sr. D. Carlos A. Zubillaga Barrera
Montevideo

Meu caro amigo:

Co novo número de *Nós* chegoume o seu libriño de poemas "Para la tierra presentida". Foi unha grata sorpresa, que a leitura convertíu en sutil emoción. O seu libro, tan breve, tan sobrio, tan intensamente íntimo, conmoveume profundamente. Algúns poemas –"Raíz lucense", "Rosalía", "Destino", por exemplo– teñen ise interno fervor de unha oración. En realidade todo o libro ver ser coma unha oración na que arde unha purísima fe na terra e no pobo da súa estirpe materna. Tan sincera, tan vibrante, tan viva é esa fe que ún síntese estremecido por un pulo fraternal e quixera acompañalo de contado polas veigas, polas serras e polas praias luguesas. E levalo a carón de Meira, a ver nacer o Miño nun tranquilo e contínuo agurgullar entre as espadanas i os xuncos. I ás romarías de Cospeito, ás de San Lucas de Mondoñedo, ó San Froilán de Lugo. E convidalo a comer troitas do Neira, perdices do Incio, xamón do Caurel, queixo de San Simón, marisco das Rías Altas, i a beber viño de Amandi e augardente de Portomarín. E tamén, claro, a pasear plácidamente polas murallas de Lugo, polas que tanto e tanto teño andado e platicado con Luis Pimentel, con Ánxel Fole, con Carballo Calero, con Celestino F. de la Vega, con Manuel María, con Arcadio

López-Casanova.

En fin, meu amigo, moito lle agradezo o envío do seu libro i a xentil adicatoria que nil escribiu. Despois de o ler, vostede pasou a formar parte, por direito propio, da constelación dos meus grandes amigos lugueses.

O novo número de *Nós* é unha confirmación máis da rigorosa puxanza que trae esa Galicia moza que naceu e medra lonxe da metrópoli.

Prégolle saúde no meu nome á Dra. Virginia Eirín, que tan diáfana e tan elegantemente comentou o tema da saudade.

Conte coa amistade certa e reciba unha cordial aperta de

Ramón Piñeiro

***

Santiago de Compostela, 12-V-66

Sr. D. Carlos A. Zubillaga Barrera
Bernardo Susviela 4437
Montevideo

Querido amigo Zubillaga:

Acabo de recibir e de ler o seu traballo sobre "Castelao no arte galego", craro e asisado de conceito e moi elegantemente escrito. Estou completamente de acordo con vostede en que o núcleo esencial da persoali-

dade de Castelao hai que o percurar na sua vocación artística, pero coidando moito de non disociar esta vocación radical da súa non menos radical sensibilidade moral. En Castelao resultan ben máis fracas as teorías estéticas –en xeral máis ben superficiás– que as convicciós éticas. O Castelao artista –coido– está sempre ó servicio expresivo do Castelao moralista. Tal é o segredo da súa "popularidade".

Penso que o seu traballo é unha excelente introducción ao conocemento do Castelao artista. Con razón o xurado lle outorgou o premio por unanimidade. A miña cordial noraboa.

Xa vexo que siguen adiante con entusiasmo no esforzo por difundir e prestixiar a cultura galega ahí no Uruguay. Traballos como iste seu que veño de ler, prestixian a nosa cultura ahí, eiquí i en todas partes. Pra nós é emocionante ver como a nosa tradición cultural reflorece tan vigorosamente nos galegos que naceron lonxe de Galicia.

Agradézolle moito o exemplar que me enviou do seu traballo. Sería comenente que enviasen un á Fundación Penzol –Policarpo Sanz, 24, 1º Vigo–.

Unha forte e cordial aperta do seu amigo

Ramón Piñeiro

P.D.: Si lle quere enviar un exemplar a López Nogueira –pois xa vexo que fai referencia a un traballo dil aparecido no *Grial*–, as señas son estas: Dr. J. M. López Nogueira, Dr. Teijeiro, 35, 2º, Santiago de Compostela.

***

Compostela, 3-III-67

Querido Zubillaga:

Recibín o seu libro *Artigas y los Derechos Humanos*, premiado e publicado polo Comité Central Israelita do Uruguay. Foi unha sorpresa moi grata porque non sabía do premio.

Xa vexo que ten unha clara vocación polos estudios históricos. Os seus traballos demóstrano brillantemente, i os premios conqueridos reconónceno con paralela brillantez.

Iste seu libro non deixa de ser bastante emocionante pra un leitor español dos nosos días, porque a sustanza doutrinal que tan claramente resplandece nas suas páxinas padeceu entre nós, nas derradeiras décadas, escarño abafante. Non só estaba ausente das normas vixentes senon que, como mera idea, era delictiva.

A miña noraboa sincera polo premio. A miña gratitude cordial polo exemplar adicado que me enviou.

Unha forte e cordial aperta do seu amigo certo

Ramón Piñeiro

P.D.: ¿Cando virá á terra?

***

Compostela, 8-V-67

Benquerido amigo:

Acabo de recibir a sua carta. Dende logo, cando regresei dos EE.UU., entre as cousas que me agardaban eiquí estaba o seu libro sobre *Los gallegos en el Uruguay*. Por certo que lle escribín con ise motivo. Sin duda se perdeu esa carta.

Iste vran voltarei ós EE.UU., nesta ocasión a dar un curso sobre o pensamento de Unamuno. Marcharei a mediados de xuño e botarei por alá dous meses e medio. Como durante o curso terei vagar, xa lle escribirei dende alí sobre os problemas que trata na sua carta.

Unha forte e cordial aperta do seu amigo

Ramón Piñeiro

***

Middlebury College
Middlebury, Vermont, 15-VII-67

Benquerido Zubillaga:

Xa estou de novo por terras de New England, certamente moi semellantes ás galegas. Tan semellantes que nin Isabel –a miña muller– nin eu temos a menor posibilidade de sentir morriña. Nesta ocasión encomendáronme un curso sobre o pensamento de Unamuno i outro sobre os ensaístas do Século de Ouro. Xa temos por eiquí bos amigos e dise xeito todo resulta bastante grato. A primeiros de setembro retornaremos a Galicia.

Aproveito o estar aquí pra lle falar con craridade da situación de alí, pois eiquí non hai censura postal "española".

Como sabe, dende hai 15 anos nós viñemos orientando o noso labor galeguista no plano xeral da cultura. Era a única zona de penetración "política" que nos era posible abordar con froito, pola profunda inhibición de concencia coleitiva dediante de todo prantexamento direitamente político. Os refrexos do terror represivo constituían unha muralla infranqueable, a máis sólida couraza con que contóu o réxime franquista. Naturalmente, iniciar unha batalla político-cultural destinada a atraer, e logo orientar, á conciencia galega, tiña que ser a moi longo plazo. Inda que as dificultades eran abraiantes, tendo fe nas ideas e no país as perspeitivas tiñan que ser fecundas. Confiados nesta verdade, tiramos pra diante. Agora que xa pasaron 15 anos e comenzan a verse os froitos, comprobamos que o esforzo resultou positivo. En primeiro lugar logramos restaurar e vigorizar o prestixio da nosa cultura; en segundo lugar, renovamos a sua vitalidade intrínseca; en terceiro lugar, a través da aitividade cultural déuselle nova vida á persoalidade coleitiva de Galicia, que foi recobrando a concencia de auto-estimación; en cuarto lugar, logramos penetrar na Universidade, na que hoxe se insina oficialmente a língoa e a literatura galegas; en quinto lugar, iniciamos a penetración na Eirexa, que vai facendo notorios progresos e pode siñificar un paso definitivo en orde a conquerir un rápido prestixio social pra nosa língoa nesas capas populares ás que non chega a influencia cultural. Todo esto son os primeiros froitos da batalla galaxiana.

No plano máis direitamente político, a situación en Galicia é semellante á de toda España: profunda despo-

litización popular. Toda a axitación política que de vez en cando se refrexa nos xornás, non pasa de ser obra de núcleos moi reducidos: pequenos núcleos de universitarios, núcleos de católicos progresistas e débiles grupos políticos da oposición. Todo esto, sumado, carece en absoluto de forza pra influir no país aitualmente. Trátase máis ben de ir creando núcleos ideolóxicos que poidan aituar con responsabilidade no futuro. E, nise orde de cousas, tamén en Galicia van xurdindo núcleos e correntes políticas que se preparan pra o futuro. Xurdiu un socialismo galego que é autenticamente galego; xurdiu un marxismo galego –de liña leninista– que pretende ser galego e centra nise punto a súa propaganda; xurdiu unha corrente cristiano-galeguista que comenza a desplegar eficaz aitividade. Como ve, fóronse galeguizando as correntes ideolóxicas do noso tempo e todas tratan de acadar expresión galega.

Tocante á política oficial, están agora nunha fase de reafirmación franquista a consecuencia do sorprendente éisito que acadaron no referendum –que foi verídico– e tratan de lles poñer atrancos ós monárquicos juanistas (de D. Juan, que son: Areilza, Garrigues, Castiella, Ridruejo, Satrústegui, Tierno, etc.). O éisito da movilización electoral tratan de o volver contra os juanistas, que pretendían unha política orientada á evolución monárquica do réxime. Endureceron bastante a política represiva, mesmo no plano legal. Non se sabe a onde queren ir.

En relación con nós, despliegan gran aitividade pra acadar a infiltración nas sociedades galegas da emigración, que viñan sendo baluartes antifranquistas. Conqueriron a de Bos Aires. Agora móvense intensa e solapadamente en New York e mais en Caracas.

Teño moitas dúbidas de que se poida manter a loita nas vellas posiciós da guerra civil. Habería que renovar as posiciós de loita e levalas ó doble terreo en que están plantexadas en Galicia: batalla político-cultural supra-partidista –que nos núcleos emigrados tería que tomar a forma de apoio a Galaxia, á Academia Galega, á Fundación Penzol, etc.–, e batalla partidista desde os campos ideolóxicos concretos: socialismo democrático galego, cristianismo democrático galego, etc. Ou seña, desplazar a batalla dende o campo do pasado ó do futuro.

Unha cordial aperta de seu amigo

Ramón Piñeiro

***

Compostela, 20-III-74

Querido amigo Zubillaga:

Recibín, certamente, o seu traballo para *Grial*. Unha chea de atafegos apremiantes e unha serie de viaxes que se me presentaron nos derradeiros tempos, desordenaron por completo a miña correspondencia. Sempre gostei de a ter ao día, mas agora foise amoreando alarmantemente. Por eso demorei en lle escribir.

Publicaremos o seu traballo en *Grial*. Non lle podo anunciar en qué número porque temos bastantes cousas en turno, mas sairá dentro deste ano.

Sería interesante que viasen todo todo o publicado ahí á Fundación Penzol, pois é comenente que nas insti-

tucións culturais de Galicia estea presente a obra que se fai na emigración. O enderezo é este: Fundación Penzol, Policarpo Sanz, 24, Vigo.

Unha aperta cordial do seu amigo

Ramón Piñeiro

***

Compostela, 2-X-74

Benquerido amigo Zubillaga:

Recibín a súa carta do 18 de agosto e, hai oito días, o libro *El problema nacional de Galicia* que nela me anuncia. Agradézolle moi sinceramente que me enviase un exemplar dedicado do libro, que lin con atención. Sería realmente interesante que se distribuise por Galicia, pois hoxeendía hai interés polo tema e faltan publicacións manexables polos leitores. En realidade, nestes anos non dispuñan máis que do Sempre en Galiza, no que toda esta información aparece bastante difusa, mentres que no seu libro ten a ventaxa de se cinguir mais ao tema concreto do Estatuto e dos seus antecedentes históricos e de o presentar con unha estructura mais sistematizada. O *Sempre en Galiza* está escrito con criterio mais doutrinal e *El problema nacional de Galicia* con criterio mais de historiador. Os dous son moi útiles, claro.

Como proba do interés que estes temas van despertando direille que hai poucos meses defendeuse na Facultade de Direito desta Universidade unha tese de doutoramento sobre o Estatuto, tese concebida de manei-

ra ben semellante ao seu libro, pois está dividida en duas partes, a primeira histórica e a segunda un estudo xurídico do Estatuto. O autor, que é un profesor universitario amigo meu, díxome que a pensa publicar en galego.

No tocante a esa antoloxía de escritores uruguayos que se ocuparon de Galicia, sin dúbida que será interesante. No tocante ás posibilidades de edición en Galaxia non lle podo dar unha resposta firme porque eso tería que ser discutido –e estudado, claro está– antes de o poder decidir. Con todo, pódolle decir que de inmediato resultaría difícil porque a evolución da economía española está provocando unha crise na industria editorial que impón un retraemento nos programas e un coidadoso aquilatamento na escolla dos libros a editar. Deica agora viñemos preocupándonos máis de editar libros de interés cultural que libros de interés "comercial", mas ao reducirse a capacidade adquisitiva da xente e disminuir na mesma proporción a venta de libros, teremos que medir ben a receptividade do mercado libreiro. Esta realidade xa nos obrigou a postergar algunhas edicións que tiñamos previstas. Como lle digo, esta é unha opinión provisional.

De todolos xeitos, pensando no interés do seu libro, eu penso que si lle engade aos escritores uruguayos os arxentinos –polo menos uns cuantos–, seguramente resultaría doado que editasen o libro en Buenos Aires, por exemplo, o Instituto Argentino de Cultura Gallega. Mesmo sería de gran oportunidade para eles o facéreno, coido.

Sigo co meirande interés o seu labor de investigación.

Xa me decato da situación e das perspectivas inmediatas da situación política que atravesan. A nosa está nunha fase pre-crítica.

Unha forte e cordial aperta do seu amigo certo:

Ramón Piñeiro

P.D.: Mándolle por correo aéreo a separata dun traballiño que apareceu hai algún tempo nunha revista de Madrid interesada en dar a conocer a fisonomía histórica do rexionalismo galego. Como o espacio se limitaba a dez holandesas, o traballo é demasiado sintético e condensado. Naturalmente, para vostede non contén nada novo, pois todo o que eu digo, díceo vostede mellor no seu libro. Mándollo como simple lembranza amistosa.

***

Compostela, 13-II-75

Sr. D. Carlos A. Zubillaga Barrera
Avda. 18 de julio 2095. Ap. 101
Montevideo

Benquerido amigo:

Recibín o seu *Catálogo de la Exposición del libro y de la prensa gallega en el Uruguay*. Agradézolle a súa xentileza ao preocuparse de mo enviar.

Eu acabo de sacar un libro que se titula *Olladas no futuro* e mándolle un exemplar para corresponder míni-

mamente aos que vostede me ten enviado. E, sobre todo, como prenda cordial de amistade.

Por aquí as cousas semellan internamente movedizas. Xa veremos como evolucionan.

Unha aperta cordial do seu amigo

Ramón Piñeiro

***

Compostela, 20-II-75

Benquerido amigo:

Recibín o exemplar que me enviou do *Catálogo do Libro e da Prensa Galega no Uruguay*. Pola miña banda téñolle enviado un libro meu que acaba de saír no que se recollen traballos publicados en diversos xornais e revistas ao longo de moitos anos.

Tocante ao que me fala de Daniel, eu comparto a sua opinión –e suscríboa– de que, neste caso, o fundamental é a lealtade ao homenaxeado. Polo que a sua vida representa de exemplo moral, temos o deber de respeitar a sua autenticidade na mesma medida en que el mesmo a mantivo. Ben sabemos que lle custou duros sacrificios, o que aínda fai para nós mais respeitable a súa exemplaridade. Coido que nós, os que nos sentimos identificados con el, non podemos favorecer ningún confusionismo. Digo esto porque aquí os confusionismos parten de varios campos ideolóxicos e estamos tratando de salvaguardar a imaxe verdadeira.

Da boa fe da comisión non hai dúbida, mas coido que se desenvolven nunha liña de inxenuidade que conduce inevitablemente ao confusionismo. Un confusionismo que o interesado refugaría.

Unha aperta cordial do seu amigo

Ramón Piñeiro

***

Compostela, 24-III-80

Sr. D. Carlos A. Zubillaga Barrera
c/ 18 de julio, 2095. Apto. 101
Montevideo

Benquerido amigo:

Hai poucos días estivo aquí en Santiago a nosa amiga común Virxinia Eirín, que me deu algunhas novas de por ahí.

Hoxe escríbolle porque un amigo noso, licenciado en Ciencia Política e Socioloxía pola Universidade Complutense de Madrid, que defenderá a súa tese de doutoramento dentro dun par de meses naquela mesma Universidade, precisa unha certa axuda de algún profesor de Montevideo ou Buenos Aires para acadar unha beca do Ministerio de Universidades español para facer ahí nas terras platenses investigacións encol do desenvolvemento galeguista.

Este amigo fixo a sua tese sobre *As mocedades galeguistas nos anos 30*, tese que dirixe o profesor Luis

González Seara. Esa tese será defendida en breve prazo. Ao autor interésalle moito o tema e pretende, unha vez aprobada a tese, proseguir a sua investigación sobre as actividades galeguistas na Galicia da emigración. Para eso pensa solicitar unha beca do Ministerio de Universidades, pero entre os papeles que ten que presentar coa solicitude figura unha declaración dun profesor universitario de ahí na que diga que acepta dirixir as investigacións que faga ahí o becario.

¿Haberá algún profesor amigo que estea disposto a lle facilitar ese papel? Sin el non se pode tramitar a solicitude.

O noso amigo chámase Argimiro Rojo Salgado, é natural da provincia de Ourense e fixo os seus estudos universitarios pensando en que poidan servirlle para ser útil a Galicia. É persoa seria, traballadora e con profundo sentido da responsabilidade. É fillo de campesinos modestos.

Si pode conseguir que dispoña dese papel para unir á solicitude da beca, agradézolle moito que o consiga. Sei ben que o merece.

Terá que presentar a solicitude no mes de abril, así que, de ser factible, necesitaríamos a declaración o máis axiña posible. Abonda con que nun papel impreso da Facultade ou da Cátedra declare que acepta dirixir os traballos de investigación de D. Argimiro Rojo Salgado sobre o desenvolvemento do galeguismo nas terras do Plata. Esa declaración, firmada e sellada, xunto con un certificado do título de Doutor e algún outro papel, teñen que acompañar a solicitude da beca.

Eu non sei si vostede ensina na Universidade, porque nese caso sería a persona máis indicada para orientar a investigación deste mozo.

Espero as súas novas e agradézolle de corazón todo o que poida facer.

Unha forte e cordial aperta do seu amigo

Ramón Piñeiro

***

Compostela, 8-IX-80

Benquerido Carlos:

De regreso desas terras tiven que me mergullar nunha chea de atafegos urxentes que se foran amoreando durante a ausencia. Agora vaise restablecendo o ritmo normal e veñen á mente as lembranzas do imprevisto viaxe, pois a verdade é que nunca pensei chegar a Montevideo e Buenos Aires, inda que desde neno soupen da súa existencia polo eco da emigración.

Foi para min unha sorpresa moi grata que fose vostede o elexido para facer a presentación da miña primeira actuación pública nas terras platenses. Sóupeno ahí mesmo, poucas horas antes do acto. E cando chegamos ao lugar da conferencia, as primeiras persoas que me presentaron foron mesmamente os seus pais.

Tanto en Montevideo como en Buenos Aires, o ambiente que nos rodeou foi sumamente cordial. Verdadeiramente, foi unha experiencia privilexiada e non poderemos esquencela.

Nestas derradeiras semanas comenzou a se pór en marcha o noso proceso autonómico, paralizado durante meses pola torsión que lle impuxera a U.C.D. ao noso

Estatuto e mais polo repudio profundo do noso pobo a ese trato discriminatorio. Ao cabo, a U.C.D. recoñece o seu erro e promove negociacións cos partidos autonomistas para chegar a un consenso sobre o noso Estatuto a base de recabar idéntico nivel autonómico que o alcanzado por Cataluña e Euzkadi. Os catro partidos principais xa están de acordo en principio para iniciar as negociacións, que confío en que sexan positivas e bastante rápidas. Nese caso, para o outono seguramente se pode celebrar o referendum e no 81 pode funcionar a nosa autonomía.

Como se trata dun momento decisivo para o noso país, todos nós –aínda os que non pertencemos aos partidos– estamos implicados neste proceso e, dun xeito ou doutro, temos que axudar a que vaia por bó camiño. Eu sentirei unha grande alegría si dentro de uns meses, posta en marcha a nosa Autonomía, podo retirarme da política e concentrarme plenamente no mundo cultural. Xa veremos. Poder ler tranquilamente é unha vella arela que me gustaría acadar antes de que a esclerose a faga inútil.

Apertas nosas para os dous

Ramón Piñeiro

***

Compostela, 24-I-82

Benquerido amigo Carlos:

Recibín a sua carta. Hoxe mesmo mándolle por correo un pequeno libro sobre as eleccións galegas desde

o 77, no que figuran abundantes datos e tamén diversos puntos de vista interpretativos dos mesmos. Por correo marítimo mándolle outros libros que foron saíndo sobre o mesmo tema, de xeito que teña o material relativo a Galicia que precisa para o seu traballo.

Xa lle mandarei a información persoal que me pide en pasando estes primeiros momentos da posta en marcha da Autonomía. Polo de agora non se presentan mal as cousas, pero xa veremos como evolucionan.

Si da Fundación Guggenheim me piden opinión sobre o seu proxecto de investigación, contestareilles sin demora e con moito gusto.

Saúdos a Diana e de Isabel para os dous. Para sí unha forte aperta de

Ramón Piñeiro

***

Compostela, 4-III-82

Benquerido Carlos:

Hoxe mesmo enviei á Fundación Guggenheim o informe que me pediron relacionado coa tua solicitude de beca. Semella ben interesante o teu plan de investigación e supoño que cha concederán, porque ademais ten o interés da súa novedade no mundo hispánico.

Mandeiche por correo aéreo algunhas publicacións sobre a imaxe político-electoral de Galicia. O Departamento de Dereito Político da Universidade

tamén fixo un estudo en equipo sobre eses problemas, pero aínda non se publicou. Cando o publiquen xa cho enviarei.

Cando teña un pouco de vagar xa che escribirei sobre o panorama da nosa Autonomía.

Apertas nosas para os dous

Ramón Piñeiro

Este número 2 dos *Cadernos Ramón Piñeiro* rematouse de imprentar no obradoiro de Gráficas ATV, en Santiago de Compostela, o día 22 de novembro de 2003, festividade de Santa Icía.